


MOLIÈRE

O TARTUFO



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/)

Citar como:

Molière: O Tartufo

Tradución ao galego de Henrique Harguindey.

<http://palabrasdesconxeladas.gal>

Esta obra foi editada como libro por Edicións Laiovento e pódese adquirir en impresión baixo demanda (IBD-PoD) nas principais plataformas de distribución da Internet.

MOLIÈRE



A VIDA

Poucas veces habemos atopar na Historia unha vida tan consagrada ao Teatro como foi a de Molière.

Jean-Baptiste Poquelin nace en París en 1622 no seo dunha rica familia burguesa. Seu pai, tapiceiro -é dicir comerciante en tapices e tapizados- é “tapiceiro do rei” e está ben introducido na Corte. Jean-Baptiste estuda nun dos mellores colexios, o colexio dos Xesuítas de Clermont, en París, onde ten como compañeiros aos fillos da alta burguesía e da nobreza. Alí adquire unha sólida formación. Despois estuda Dereito en Orléans e exerce seis meses como avogado antes de suceder a seu pai no cargo e acompañar ao rei Luís XIII nunha viaxe.

De súpeto, aos 21 anos, Jean-Baptiste decide abandonar todo para se adicar ao Teatro. Seu pai non se opón, o que non deixa de ser sorprendente por ser esa actividade mal considerada e mal tratada polo Poder. Abonda con dicir que os actores estaban, polo feito de selo, excomungados e non podían ser enterrados no sagrado, é dicir nos cemiterios. De certo que a atmosfera familiar debía ver con simpatía a actividade teatral e Jean-Baptiste podía ter o bichiño no corpo dende neno, dende a época en que seu avó materno o levaba ao Hôtel de Bourgogne ver as farsas e as traxedias representadas polas compañías italianas e francesas.

Renuncia á vida fácil e cómoda, toma o nome de Molière e funda con Madeleine Béjart, unha actriz de 22 anos, a compañía l’Illustre Théâtre, mais a competencia é dura e axiña chegan as débedas, e con elas a prisión. O Ilustre Teatro disólvese, integrándose Molière, Madeleine e algún membro máis noutra compañía. Durante doce anos percorrerá o sur de Francia, principalmente o

Languedoc -tendo como base a cidade de Lyon entre 1653 e 1658- e Molière converterase no director da compañía, que adquire unha gran popularidade. Perfecciona o seu oficio de actor e comeza a escribir farsas.

A compañía regresa a París en 1658, onde acada o padroado do irmán do rei -este era un Luís XIV aínda mociño- e alterna actuacións no mesmo teatro que os Italianos. Nunha representación para o rei monta unha traxedia de Corneille e unha farsa súa propia, *O Doutor namorado*. Luís XIV abúrrese coa traxedia mais ri coa farsa. A protección do rei está asegurada.

Tras un primeiro período no que intenta levar a compañía polo xénero trágico, Molière decídese polo cómico: a farsa, como *Esganarello*, na que tiña tanta e tan boa experiencia, e a comedia, que el insire na actualidade social e o estudo de caracteres, coas *Preciosas ridículas*, *A escola dos maridos* e *A escola das mulleres*. Fai seu o obxectivo da vella comedia latina: *castigat ridendo mores*.

Comeza o éxito parisiense de Molière e con el as insidias en contra súa, maiormente procedentes de dous sectores: os rivais da compañía do Hôtel de Bourgogne e os círculos sociais máis conservadores, que se senten aludidos pola súa obra. Molière, prudente, recupera o cargo paterno de “tapiceiro do rei” e introdúcese na corte montando nela pezas, espectáculos e comedias-baile¹

Ten corenta anos cando casa con Armande Béjart, filla de Madeleine, vinte anos máis nova ca el e que nacera poucos meses despois de el coñecer a esta. Armande tamén forma parte da compañía teatral. Os ataques dos inimigos son implacabeis. Á súa vida persoal, por exemplo, pondo en escena unha peza na que o tratan de cornudo e outra na que se insinúa que o seu matrimonio é un incesto. E o ataque ideolóxico aínda é peor: acúsase a Molière de impío, o que quere dicir inimigo da relixión, polo que hai quen pide directamente a fogueira.

Acontecera xa o caso *Tartufo*. A ultraconservadora e clandestina Compañía do Santo Sacramento do Altar obtivera a prohibición da obra mesmo antes de que fose rematada. A cousa é doada de entender pois criticaba virulentamente a un deses falsos devotos que baixo o pretexto de dirixiren moralmente ás familias se aproveitaban delas. Tampouco *Don Xoán* ten mellor sorte: interrompen a súa exitosa representación unhas semanas despois da estrea e a publicación da obra deberá agardar a morte do autor. No medio dos reveses e do comezo da enfermidade, unha tuberculose pulmonar, Molière estrea *O misántropo* e *O médico malia el*, dúas das súas mellores obras.

Sen renunciar á crítica, Molière modera ataques e alusións, centrándose na farsa, a comedia-baile e a comedia de caracteres (*O siciliano*, *Anfitrión*, *Georges*

¹ Preferimos utilizar a denominación « comedia-baile » mellor que « comedia-ballet » pois na expresión original francesa a palabra *ballet* (diminutivo de *bal* “baile”) non remite á forma e á técnica de danza que hoxe coñecemos por *ballet*. Esta foise elaborando moi lentamente, e principalmente a partir do século XVIII. Luís XIV creara xa en 1661 a Academia Nacional de Danza que vai desenvolver o ballet en Francia.

Dandin, O avaro). Finalmente pode estrear a versión definitiva de *Tartufo* á que o público acode multitudinariamente durante varios meses. Veñen despois *Os amantes magníficos, O señor de Porceugnac* e *O burgués fidalgo*, un novo éxito, ao que segue outro: *As mulleres sabias*.

Mais os últimos tempos da vida de Molière son difíciles: vese desprazado na corte de Versailles por Lully –antes só director da parte musical dos espectáculos, que tiñan a Molière por director teatral- pois aquel conseguira para si o privilexio da dirección única de todos os espectáculos que incorporasen música e baile. A maiores, a outrora *Compañía do Rei* ten dificultades económicas, a enfermidade agrávase e a mágoa pola morte do seu fillo e pola da súa vella amiga Madeleine atrístano. A relación con Armande é practicamente inexistente.

En 1673, na cuarta representación do *Enfermo Imaxinario*, que el teimou en representar para lle poder dar de comer á compañía, Molière disimula os mortais accesos da enfermidade. Logra rematar a representación e só unhas horas despois morre na casa. Armande acudirá ao rei para poder enterralo no cemiterio, mais terá que ser pola noite e ás agachadas.

Poucos anos despois, en 1680, Luís XIV ordena fusionar as compañías de teatro parisienses, a fundada por Molière e a do Hôtel de Bourgogne, creándose a Comédie Française.

TODO POLO TEATRO

Molière viviu e morreu para e por o teatro. Aos 21 anos abandonou a fácil expectativa dunha vida cómoda para mudala polo risco e a incerteza, a benevolencia ou a malevolencia pública e o veredicto dos espectadores. Polas coitas e angurias de ter que procurar amparo e axuda para poder resistir e seguir adiante. Polo combate contra un forte sector dos poderosos que non lle perdoaba verse representado no escenario cos seus caprichos e os seus vicios, cos seus usos e abusos, coas súas intrigas e maquinacións.

É preciso entendermos a sociedade francesa do seu tempo para entendermos cabalmente a importancia de Molière.

Á morte do rei Luís XIII, a súa viúva, a raiña Ana de Austria (infanta española filla de Filipe III), asume a rexencia ata o nomeamento do novo rei, o fillo de ambos, Luís XIV. O verdadeiro rexente é, de feito, o cardeal Mazarino, que prosegue a guerra contra España levada a cabo por Luís XIII. El continúa a liña política iniciada polo seu predecesor o cardeal de Richelieu e logra o triunfo da monarquía sobre dos príncipes e nobres enfrentados con ela na Fronda. Mazarino ocúpase da educación política e militar do futuro rei, do que a raiña-nai dirixe a educación relixiosa e moral. Cando un mocíño Luís XIV asume a coroa en 1643 – con trece anos- Ana de Austria conserva un papel central na Corte. A boa relación entre nai e fillo continuará sempre, mesmo se Ana –un dos apoios máis relevantes da Compañía do Santo Sacramento- non aproba os fastos do Rei Sol e a vida de praceres e de abandono da moralidade ortodoxa por parte do seu fillo.

Malia eses “desvíos” e o pulo das Artes, Luís XIV –o monarca que máis tempo reinou na Historia de Francia- foi o prototipo de monarca absoluto que gobernou con man de ferro. E o seu galicanismo extremo non pon en cuestión a ortodoxia cristiá senón o poder papal. A súa “tolerancia” era unha tolerancia “portas adentro” mentres cos de “fóra” se exercía a represión, como proban as persecucións contra os xansenistas e protestantes, e nomeadamente os “Camisards” da Occitania. Certo é que xa a partir de 1685, coa revocación do Edicto de Nantes, que implantara unha sorte de liberdade relixiosa, a postura de Luís XIV fora mudando cara á ortodoxia total.

A relativa tolerancia ideolóxica e moral existente en Francia na época de Molière -importantísima se a comparamos coa entón imperante en España, por exemplo- débese máis á tradición “libertina” da sociedade francesa que a unha concesión da monarquía. Era forte o movemento libertino. E lembremos que “libertino” máis que denotar liberdade no terreo sexual (que por veces ía de par) tiña un sentido ideolóxico e filosófico: a liberdade e independencia fronte á ortodoxia ou mesmo ante calquera sometimento a concepcións relixiosas. A libertinaxe filosófica era un posicionamento de base epicúrea e materialista e entre os seus representantes debemos citar a Gassendi, Gabriel Naudé ou Gui Patin. En literatura, a concepción libertina está representada por Cyrano de Bergerac.

Molière, que dende a súa integración na Corte se moveu preferentemente en medios cortesáns, non deixou de frecuentar ambientes libertinos; foi así, por exemplo, moi amigo do poeta Chapelle, do filósofo Bernier, do escritor La Mothe Le Vayer ou da célebre Ninon de Lenclos. Esta extraordinaria muller –nacida Anne de Lanclos- foi meniña prodixio, virtuosa de música, erudita, escritora e versada en filosofía e ciencia, que coñecía o italiano e o español. Espírito libre, gozou do seu corpo e da súa mente con total independencia da relixión e mantivo un dos salóns máis prestixiosos de París no século XVII. Molière tivo a axuda de Ninon para armar a súa liña de defensa do Tartufo e para introducir modificacións que fixesen viábel a obra despois dos primeiros intentos.

O TARTUFO



a) xénese

En 1664, coñecedora das lecturas preparatorias da obra Tartufo ou o Hipócrita, a Compañía do Santo Sacramento trata de obter do rei a prohibición. O rei resiste ás presións e déixaa representar na corte de Versailles o 12 de maio, no medio da grande festa real Os praceres da illa encantada, festa dirixida por Molière e que dura varios días. Con todo, despois, ante as presións do “partido devoto” a través da raíña-nai e do arcebispo de París, sen atopar nada puníbel nela, só “polo que se puidese malentender”, o rei prohíbe as representacións públicas, o que non exclúe as privadas. Non se conserva o texto e pouco sabemos da representación desta primeira versión mais, polo que parece, a vestimenta de Tartufo era a dun relixioso.

Molière solicita a axuda real mediante un placet² que non obtén a autorización da obra.

O 5 de agosto de 1667 -en ausencia do rei, que parece ter autorizado esta representación- ten lugar no Palacio Real unha segunda versión titulada Panulfo ou o Impostor. De inmediato, o Presidente do Tribunal de París -tamén membro da Compañía- dispón a prohibición. Un segundo placet de Molière ao rei tampouco obtén a autorización. Descoñecemos tamén o texto desta segunda versión e o que

² Un placet era un escrito a unha autoridade ou persoa poderosa solicitándolle xustiza ou unha graza.

mudaba nela, só sabemos que a vestimenta do protagonista caracterízao agora como un seglar.

Finalmente, a terceira versión, a definitiva, O Tartufo ou o Impostor é representada en público o 5 de febreiro de 1669. O éxito da peza é extraordinario e todo París acude a vela. É o maior éxito teatral de Molière tanto en vida do autor como despois de morto. As súas representacións ata os nosos días cóntanse por milleiros e as súas traducións a outras linguas por ducias.

b) a “herexía”

Velaquí, como contraste, o que, nun dos ataques máis virulentos da “conxura anti-Tartufo” escribira en 1664 o abade Pierre Roulé³:

Un home, ou mellor un Demo vestido de carne, con roupa de home, e o máis sinalado impío e libertino que en xamais houbo nos séculos pasados, tivera abondo impiedade e abominación para facer saír da súa mente diabólica unha peza totalmente lista para ser presentada en público, facéndoa montar no Teatro, para escarnio de toda a Igrexa e con desprezo ao carácter máis sagrado e á función máis divina, e con desprezo do que máis santo hai na Igrexa, ordeado polo Salvador para a santificación das almas, na procura dun uso ridículo, desdeñábel e odioso. Merecía aquel polo atentado sacrílego e impío un derradeiro suplicio exemplar e público, e mesmo o lume, precursor do do Inferno, para expiar un crime tan grave de lesa-Maxestade divina, dirixido a derrubar a Relixión católica, criticando e facendo burla da súa máis relixiosa e santa práctica, que é o encamiñamento e dirección das Almas e das familias por sabios Guías e Condutores piadosos.

O « partido devoto » chega ao paroxismo na súa campaña contra o Tartufo, mais a mobilización contra Molière xa se tiña iniciado moito antes, con outras obras, nomeadamente As mulleres sabias, e continuará con forza contra Don Xoán, que Molière prudentemente retira da escena para se poder centrar na defensa do Tartufo. Acusábase de herexía a presenza no escenario de temas de moral e relixión que non debían ser tratados con lixeireza e aire cómico para non induciren os espectadores a pecado e a posicións antirrelixiosas. E atacábase á comedia de « invención diabólica ». Obras sobre esta cuestión, de Pierre Nicole ou do príncipe de Conti⁴, centran en Molière os seus ataques, mais igualmente o propio Pascal afirma tamén que « de todas as diversións, a máis perigosa é a comedia ». Esta loita –que de xeito máis suave ten lugar noutros países de Europa- opón aos sectores ultraconservadores e reaccionarios do poder contra o resto da sociedade, en xeral tolerante e comprensiva. A este respecto resulta claro o apoio que Molière recibe de Luís XIV, ao apadriñar no bautismo a súa primeira filla, ao lle asignar as máis altas funcións nos espectáculos da Corte e lle facer reiteradas doazóns

³ No seu libro *O Rei glorioso no mundo, ou Luís XIV, o máis glorioso de todos os reis no mundo*, publicado en 1664.

⁴ Antigo protector de Molière nos primeiros momentos da itinerancia teatral, Conti, libertino e bon vivant, acolle o grupo e fai del a súa compañía teatral, mais, repentinamente convertido á ortodoxia e membro da Compañía do Santo Sacramento, ataca logo violentamente a Molière.

económicas, ao nomear a compañía teatral de Molière Compañía ía teatral do rei no Palacio Real e ao autorizar no momento oportuno as obras momentaneamente afastadas.

Mais, non nos enganemos, o « partido beato » é forte e os apoios dun día poden desaparecerlle a Molière no outro.

O que está en xogo é a liberdade de expresión e os paladíns do ultraconservadurismo non se moven por cuestións morais –como lúcidamente expón o dramaturgo no segundo placet – senón que o que teñen é pánico de se veren expostos no escenario, na praza pública, e desenmascarados ante a opinión, medo a perderen o creto e se cadra o poder. A función dos « directores de conciencia », por medio de quen o partido devoto controlaba ferreamente unha parte importante da alta burguesía e da aristocracia, é denunciada por Molière, e o sector reaccionario conxúrase para acabar con el a toda custa. Porque non podían tolerar que Molière –que se limitou a denunciar vicios e comportamentos humanos e non se propuxo alterar a orde social- amosase e ridiculizase no Teatro actitudes e manexos opostos ao ben común e ao sentir do tempo : o sometemento da muller ao marido, a ignorante oposición ao progreso científico, o autoritarismo de pais ofuscados que someten as fillas a casamentos forzosos, a conduta viciosa de nobres aristócratas, a cegadora paixón polo ouro, o desclasamento fato e ridículo de quen se esforza en esconder as súas modestas e honestas orixes, a hipocresía dos que rezan en público e delinquen en privado, o sometemento, en fin, das xeracións mozas, xenerosas e de mentalidade aberta propia de tempos novos, que por veces se atopan asoballadas nun mundo caduco e irrespirábel.

O rexoubeiro e reformista Molière resultaba moi perigoso.

c) a peza e os personaxes

Baseado –como a xeneralidade das obras de Molière- en fontes de diversos autores e na literatura de transmisión oral, a máis da farsa tradicional coas súas réplicas en fervenza, as súas labazadas e as súas criadas respondonas, o Tarfufo – como todas as obras de Poquelin- unifícase e supera a agregación de elementos para resultar de a feito unha creación do dramaturgo.

Tras as sucesivas matizacións, modificacións e suavizacións que se coñecen ou se supoñen, o Tartufo non rebaixa a súa carga senón que mesmo gaña en coherencia e claridade. O que non significa univocidade -pois do mesmo xeito que outras obras do autor como o Burgués Fidalgo, o Avaro, ou o Enfermo Imaxinario, por riba de que se subliñe tal ou tal aspecto da trama e se acentúe un ou outro trazo dos personaxes, coñecen unha montaxe e unha interpretación homoxénea- o Tartufo é a que maior heteroxeneidade ten acadado. Existen visións moi diferentes, e mesmo contraditorias do impostor, do pater-familias, da esposa e doutros personaxes, e igualmente da trama, particularmente do seu « doado » e « domesticado » final en happy end. Fálase así do Tartufo de Louis Jovet, do de Roger Planchon ou do de Ariane Mnouchkine, por citarmos só tres montaxes do século XX. E naturalmente, a obra de Molière pode inserirse dentro doutra e noutro

contexto. Temos así o Tartufo de Murnau no que o cine expresionista alemán parece alertar, nos anos 1920, ante a chegada dunha inquietante impostura.

En calquera caso, os personaxes da trama molieresca son basicamente transparentes : Orgón, o rico burgués algo simple e moi crédulo, que goberna a súa casa de xeito testudo e autoritario ; a señora Pernelle, encarnadora do pasado, da mentalidade caduca e da orde social superada, na que nós vemos unha velada alusión á rainha-nai Ana de Austria ; Elmira, a esposa moderna, muller do seu tempo, que non dubida en se preocupar do seu adobío e do seu aspecto físico, coqueta e ao tempo aberta e asisada, Cleanto ou a personificación do sentido común e do equilibrio ideolóxico ; Mariana, filla coitadiña e vacilante, seu irmán Damís – o maior, sempre o maior polo seu xénero, naceuse ou non antes- mozo impulsivo, toleirán e algo fanfarrón ao que move o seu interese por casar coa irmá de Valerio ; Dorina, a serventa (distinguida, pois é unha dama de compañía), que desencadea a resistencia ; e Tartufo, o impostor, o simulador aproveitado que o único que pretende é a satisfacción da súa cobiza.

O albo de Molière nesta obra é a impostura, unha impostura que de comezo era caracterizadamente relixiosa⁵ e despois vira en impostura fundamentalmente social e pasa de ser un caso particular –o de alguén chamado Tartufo- a denotar toda unha caste de persoas, os tartufos⁶. Con todo, están presentes tamén destacadamente outras cuestións e conflitos : o casamento forzado e a disxuntiva entre sumisión ou convento coa que moitas rapazas se atopaban, a pugna entre relixión sentida ou relixión imposta, o peche da esposa na casa e a renuncia a unha vida propia e autónoma, a primacía da autoridade civil ou da eclesiástica co diáfano final que recalca o supremo poder do Estado no Rei, etc.

E no texto e no deseño dos personaxes tal e como foron escritos por Molière resulta evidente a vitoria feminista: a fronte anti-Tartufo e anti-casamento forzado está composta por catro persoas, Dorina, Elmira, Damís e Cleanto ; pois ben, malia o arrufo de Damís e os movementos dialogantes de Cleanto, a parte masculina fracasa totalmente nos seus intentos, en tanto que é a parte feminina - Dorina que alenta a rebelión e Elmira que planea e realiza a estratexia- a artífice absoluta da vitoria. Corrixir neste punto a Molière podería ser rebaixalo.

d) a nosa tradución

O Tartufo está escrito orixinalmente en verso e o autor –cun dominio excepcional da versificación e da linguaxe- acada tal sutileza, ritmo e harmonía no texto coral declamado polos actores e actrices que a peza semella unha composición musical ou polifónica. Trasladalo con fidelidade a outra lingua esixe facer un esforzo para ofrecer unha tradución en verso digna, aínda que sempre o resultado diste do orixinal.

Por primeira vez aparece en galego, con esta tradución, o texto do Tartufo na súa integridade, sen alteracións nin adaptacións. E por primeira vez aparecen

⁵ *Hipócrita* era un termo utilizado para o ámbito relixioso.

⁶ O título da primeira versión, *Tartufo ou o Hipócrita*, pasa a ser na obra definitiva *O Tartufo ou o Impostor*.

na nosa lingua os textos que nunha boa edición son imprescindíbeis: o valente e esclarecedor limiar de Molière e os lúcidos placets que lle dirixe a Luís XIV e que, moi lonxe de abaixaren o dramaturgo na petición de Xustiza, engrandecen aínda máis a súa figura.

O LIBREIRO⁷ AO LECTOR

Como as máis pequenas cousas que saen da pluma do señor Molière teñen bonituras que os mais delicados non dan cansado de admirar, coidei que non debía desaproveitar a ocasión de vos facer coñecet estes placets, e que era oportuno unilos ao Tartufo pois que en todo momento se fala neles desta peza incomparábel.

PLACETS AO REI

PRIMEIRO PLACET

PRESENTADO AO REI SOBRE A COMEDIA DE TARTUFO⁸

MAXESTADE,

Ao ser o deber da comedia corrixir os homes divertíndoos, coidei que, no labor en que me atopo, non tiña mellor cousa que facer senón atacar con pinturas ridículas os vicios do meu tempo, e como a hipocresía é sen dúbida un dos máis en uso, dos máis incómodos e dos máis perigosos, tiven a idea, Maxestade, de que non había eu realizar un pequeno servizo a toda a xente honrada do voso reino se facía unha comedia que apupase os hipócritas e puxese á vista como cómpre todas as carantoñas estudadas desta xente de ben a ultranza, todas as argalladas ocultas destes falsificadores da devoción que queren pillar os homes ao través do celo remedado e da caridade sofística.

E fixen esa comedia, Maxestade, con todo o coidado, creio, e todas as circunspeccións que podía pedir a delicadeza da materia, e -para mellor conservar a estima e o respecto que se lles debe aos verdadeiros devotos- distinguín deles o máis que puiden o carácter que eu tiña que presentar ; non deixei equívoco, tirei o que podía confundir o ben co mal e non utilicei nesta pintura senón cores explícitas e trazos esenciais que fan recoñecer dende o primeiro un hipócrita auténtico e cabal.

Porén, todas as miñas precaucións foron inútiles. Aproveitáronse, Maxestade, da delicadeza da vosa alma sobre as materias de relixión e souberon vos coller polo único lugar polo que coller se vos pode, quero dicir : polo respecto ás cousas santas. Os tartufos, baixo man, tiveron a habilidade de atopar graza cabo

⁷ Editor, que imprimía e vendía os libros.

⁸ Ao parecer foille presentado ao rei nos primeiros días de agosto de 1664.

de Vosa Maxestade, e os orixinais, ao final, fixeron suprimir a copia, por máis inocente que ela fose e por máis semellante que se atopase.

Aínda que para min foi un golpe sensíbel a supresión desta obra, a miña coita víase suavizada polo xeito con que Vosa Maxestade se explicara sobre esta cuestión, e eu coidei, Señor, que este me tiraba toda razón de queixarme, ao ter a bondade de declarar que non atopaba nada que reprochar a esta comedia que me prohibía reproducir en público.

Mais, malia esa gloriosa declaración do mais grande rei do mundo e do máis ilustrado, malia a aprobación aínda do señor legado⁹ e da maior parte dos nosos prelados, que todos -en lecturas privadas que lles eu fixen da miña obra- se atoparon de acordo cos sentimentos de Vosa Maxestade, malia todo iso, digo, vese un libro composto polo cura de¹⁰... que dá en alto un desmentido a todos eses augustos testemuños. En van fala Vosa Maxestade e en van dan o seu xuízo o señor legado e os señores prelados: a miña comedia, sen a ter visto, é diabólica, e diabólico é o meu cerebro; eu son un demo libertino, un impío digno de exemplar suplicio. Non é de abondo que o lume expíe publicamente a miña ofensa, saírame barato librarme así: o celo caritativo deste galante home de ben ten bo coidado de non se limitar a iso: non quere que eu obteña misericordia de Deus e quere absolutamente a miña eterna condenación, é un caso resolto.

Ese libro, Señor, foi presentado a Vosa Maxestade, e sen dúbida xulga ben ela propia o moi anoxoso que resulta para min verme exposto a cotío aos insultos destes señores, o dano que me farán no mundo tales calumnias, se é que cómpre que sexan toleradas, e o interese, en fin, que eu teño en me purgar da impostura deles e en lle facer ver ao público que a miña comedia non é nada menos que o que se quere que sexa. Calarei, Maxestade, o que eu tiña que pedir a prol da miña reputación e para lle xustificar a todo mundo a inocencia da miña obra: os reis ilustrados non precisan que lles marquen o que se desexa. Eles ven, igual que Deus, o que cómpre e saben mellor ca nós o que nos deben conceder. Abóndame con poñer os meus intereses nas mans de Vosa Maxestade, e agardo dela con respecto todo o que lle apraza ordenar neste asunto.

SEGUNDO PLACET PRESENTADO AO REI NO SEU CAMPAMENTO DIANTE DA CIDADE DE LILLE EN FLANDES¹¹

⁹ O cardeal Chigi, enviado polo papa a París para solucionar un incidente diplomático. Molière fíxolle unha lectura privada do *Tartufo*.

¹⁰ No placet omite o nome do abade Roullé, cura de Saint-Barthélemy, que acababa de publicar o libro *O Rei glorioso no mundo ou Luís XIV o máis glorioso de todos os reis do mundo* (v. Introducción)

¹¹ En ausencia do rei -que se atopaba guerreando cos españois en Lille, entón en poder destes- Molière representa na Corte a segunda versión do *Tartufo* ("Panulfo ou o Impostor") o 5 de agosto de 1667, mais a representación é inmediatamente prohibida polo Presidente do Tribunal de París. Molière envía entón dous actores da súa compañía para lle presentaren en Lille ao rei este segundo placet.

MAXESTADE,

É unha cousa ben temeraria pola miña parte vir importunar un gran monarca no medio das súa gloriosas conquistas, mais no estado no que me vexo : onde atopar protección, Señor, senón onde a eu veño buscar ? E a quen podo solicitar, contra a autoridade do poder que me abrume, senón ao nacedoiro do poder e da autoridade, senón ao xusto dispensador das ordes absolutas, senón ao soberano xuíz e amo de todas as cousas ?

A miña comedia, Señor, non puido gozar das bondades de Vosa Maxestade. En van a creei baixo o título de *O Impostor* e disfracei o personaxe baixo o adovío dun home do mundo, por moito que lle puxen chapeu, cabelo longo, gola grande, espada e encaixes por todo o seu vestido, por moito que suavicei distintas pasaxes e retallei con coidado todo aquilo que xulguei capaz de lles fornecer a sombra dun pretexto aos célebres orixinais do retrato que eu quería facer, todo iso non serviu de nada. A intriga teceuse coas simples conxecturas que eles puideron ter da cousa. Atoparon o medio de sorprenden mentes que en calquera outra materia fan sobranceira expresión de non se deixaren sorprenden. Aínda ben non aparecera a miña comedia, que se viu fulminada polo golpe dun poder que debe impor respecto, e todo o que puideron facer nese encontro, para me salvar eu mesmo do fulgor desa treboada, foi dicir que Vosa Maxestade tivera a bondade de me permitir a representación e que eu non crera que fose necesario pedir ese permiso a outros pois que só ela ma tería prohibido.

Non dubido, Señor, que a xente que eu pinto na miña comedia non movan moitos resortes cabo de Vosa Maxestade e non poñan da súa parte, como xa teñen feito, auténtica xente de ben, que está máis presta a se deixar enganar que a xulgar outro por ela mesma. Teñen a arte de dotar de fermosas cores todas as súas intencións. Por máis que aparenten, non é en absoluto o interese de Deus quen pode conmovelos, téñeno amosado abondo coas comedias que aturaron que se representasen tantas veces en público sen diciren sobre elas a menor palabra. Estas só atacaban a piedade e a relixión, das que eles se preocupan ben pouco, mais estoutra atácaos e represéntaos a eles mesmos, e é o que non poden aturar. Non me darían perdoado o desvelar as súas imposturas diante dos ollos de todo o mundo, e sen dúbida non se deixará de dicir que a miña comedia escandalizou a todos. Mais a pura verdade, Señor, é que todo París só se escandalizou coa prohibición que se fixo dela, que os máis escrupulosos atoparon proveitosa a súa representación, e que se atopou asombroso que persoas de probidade tan recoñecida teñan tido tanta deferencia con xente que debería ter o horror de todo o mundo e é tan oposta á auténtica piedade da que fai gala.

Agardo con respecto a sentenza que Vosa Maxestade se digne pronunciar neste asunto, mais é moi seguro que non cómpre que eu pense en facer comedias se os Tartufos levan a vantaxe, que eles han tomar con iso o dereito de me perseguiren máis ca nunca e han querer atopar reproches ás cousas mais inocentes que poidan saír da miña pluma.

Dignénsen as vosas bondades darme protección contra da rabia envelenada daqueles e poida eu, á volta dunha campaña tan gloriosa, proporcionar lecer a

Vosa Maxestade nas fatigas das súas conquistas, fornecerlle inocentes praceres tras tan nobres traballos e facer rir o monarca que fai tremer toda Europa !

TERCEIRO PLACET
PRESENTADO AO REI¹²

MAXESTADE,

Un honestísimo médico, do que eu tiven a honra de ser enfermo, prométeme e quérese comprometer ante notario a me facer vivir trinta anos máis se dou obtido unha graza de Vosa Maxestade. Eu díxenlle, ante a súa promesa, que non lle pedía tanto, e que estaría satisfeito del con que se comprometese a non me matar. Esa graza, Señor, é un canonicato da vosa capela real de Vincennes, vacante pola morte de...

Ousaría eu pedir aínda esta graza a Vosa Maxestade o propio día da resurrección de *Tartufo*, resucitado polas vosas bondades? Por este primeiro favor estou reconciliado cos devotos, e polo segundo habíao estar cos médicos. É, sen dúbida para min demasiada graza ao tempo, mais se cadra non é demasiada para Vosa Maxestade, e eu agardo cunha pouca esperanza respectuosa a resposta ao meu placet.

¹² Molière preséntalle ao rei este terceiro placet con ocasión da estrea, xa autorizada, da versión definitiva do *Tartufo*, o 5 de febreiro de 1669. Aproveita o placet -no que pide a graza do canonicato para o fillo do médico Mauvillain- para lle agradecer a “resurrección” do *Tartufo*.

PREFACIO¹³

Velaquí unha comedia da que se fixo moito ruído, que foi longamente perseguida e pola que a xente retratada nela amosou cumpridamente ter en Francia máis poder que toda aquela que eu tiña retratado ata aquí. Os marqueses, as preciosas, os cornudos e os médicos aturaron acougadamente que os representasen e simularon divertirse como todo o mundo coa pintura que deles se fixo. Mais os hipócritas non o entenderon como brincadeira. De primeiras alporizáronse e atoparon estraño que eu tivese a audacia de remedar as súas carantoñas e de querer apupar unha actividade á que tanta xente honrada se entrega. É un crime que non estarían dispostos a me perdoar e armáronse todos contra da miña comedia cunha furia estarrecedora. Tiveron bo coidado de non a atacar pola banda que os feriu : son finos de máis para iso e saben de máis vivir ben como para descubriren o fondo da súa alma. Seguindo o seu louvável costume, cubriron os seus intereses coa causa de Deus, e *O Tartufo*, en boca deles, é unha peza que ofende a piedade. Está, de cabo a cabo, chea de abominacións e nela non se atopa nada que non mereza o lume. Todas as súas sílabas son impías, os seus mesmos acenos son criminais e a menor ollada, o menor abaneo da cabeza, o menor paso á dereita ou á esquerda, esconde no seu interior misterios que eles atopan xeito de explicar na miña contra. En van sometina eu ás luces dos meus amigos e á censura de todo o mundo, porque as correccións que lle puiden facer, o xuízo do rei e máis da raíña que a viron, a aprobación dos altos príncipes e dos señores ministros que a honraron publicamente coa súa presenza, o testemuño da xente de ben que a atopou proveitosa, todo iso, non serviu de nada. Non queren ceder, e aínda de cotío fan berrar en público a importunos celosos que me lanzan insultos piadosamente e me condenan por caridade,

Preocupárame pouco todo o que eles poden dicir se non fose o artificio que teñen en me faceren inimigos que eu respecto e en poñeren da súa parte verdadeira xente de ben, da que enganan a boa fe, e que, polo ardor que ten polos intereses do Ceo, é dada a recibir as impresións que lle queren inculcar. Eis o que me obriga a defenderme. É diante dos verdadeiros devotos ante quen eu quero en todos os lugares xustificar a conduta da miña comedia, e exhórtoos de todo corazón a non condenaren as cousas antes de as ver, a se desfaceren de toda prevención e a non serviren a paixón daqueles que poñen carantoñas que os deshonran.

Se alguén se toma o traballo de examinar con boa fe a miña comedia, ha ver sen dúbida que as miñas intencións son inocentes e que non tende a se burlar das cousas que se deben venerar, que a tratei con todas as precaucións que a

¹³ A versión definitiva do *Tartufo* estreouse o 5 de febreiro de 1669, despois de case cinco anos de intentos e da representación das dúas primeiras versións o 12 de maio de 1664 e o 5 de agosto de 1667, respectivamente.

delicadeza da materia pedía e que puxen toda a arte e todos os coidados que me foi posíbel para distinguir ben entre o personaxe do hipócrita e o do verdadeiro devoto. Empreguei para iso dous actos enteiros en preparar a chegada do meu delincuente. Este non deixa nin un momento a audiencia soa ante a balanza, senón que é recoñecido dende o principio polas marcas das que o doto. E do comezo á fin non dá unha fala, non realiza unha acción, sen lle pintar aos espectadores o carácter de home malvado e sen facer resaltar o do auténtico home de ben que lle opoño.

Ben sei que, como resposta, eses señores tratan de insinuar que non é no teatro onde falar desas materias, mais eu pregúntolles, co seu permiso, en que basean eles esta fermosa norma. É unha tese que unicamente supoñen e non proban de xeito ningún. Sen dúbida non sería difícil facerlles ver que a comedia, entre os antigos, tivo a súa orixe na relixión e formaba parte dos seus misterios, que os españois, nosos veciños, case non celebran festas nas que a comedia non ande polo medio, e que, mesmo entre nós, ela debe o seu nacemento aos coidados dunha confraría¹⁴ á que aínda hoxe pertence o Hôtel de Bourgogne, lugar concedido para representar os misterios da nosa fe, que aínda se ven as súas comedias impresas en letras góticas baixo o nome dun doutor da Sorbona¹⁵, e que, sen irmos buscar tan lonxe, na nosa época se escenificaron pezas sacras do señor Corneille que foron a admiración de toda Francia.

Se o labor da comedia é corrixir os vicios dos homes, non vexo por que razón entre eles ten que haber privilexiados. Este é, no Estado, dunha consecuencia moito máis perigosa que os outros todos, e xa vimos que o teatro ten unha grande virtude para a corrección. Os máis fermosos dardos dunha seria moral son menos potentes, as máis das veces, que os da sátira, e nada reprende mellor á maioría dos homes que a pintura dos seus defectos. Causalles un gran dano aos vicios o expoñelos á gargallada de todos. Sófrense doadamente as repreensións mais non se sofre en absoluto o ferrete. Tolérase ser malo mais non se tolera ser ridículo.

Repróchanme ter posto termos piadosos en boca do meu Impostor. Seica eu podía deixar de facelo para representar ben o carácter dun hipócrita? Abonda, paréceme a min, con que faga coñecer os motivos criminais que lle fan dicir as cousas e teña retallado os termos consagrados, dos que sería penoso sentir como el facía mal uso. Mais no cuarto acto manifesta unha moral perniciosa. Ora ben: seica esta moral non é algo que abouxaba os ouvidos de todos? Seica ela di algo novo, na miña comedia? E pódese temer que cousas tan xeralmente detestadas provoquen algunha impresión nas mentes? Que as eu volva perigosas ao facelas subir enriba do teatro? Que reciban algunha autoridade da boca dun delincuente? Non hai aparencia ningunha diso, e tense que aprobar a comedia do *Tartufo* ou condenar en xeral as comedias todas.

A iso se dedican furiosamente dende hai algún tempo, e nunca con tanta forza se tiñan acirrado contra do teatro. Non podo negar que teña habido Padres da Igrexa que condenaron a comedia, mais tamén non se me pode negar que houbese entre eles outros que a teñen tratado con máis suavidade. Así, a

¹⁴ A confraría da Paixón, que dende 1402 representou o misterio da Paixón de Cristo.

¹⁵ Jean Michel (sec. XV), autor de varios misterios.

autoridade na que se pretende apoiar a censura resulta destruída por esta división, e toda a consecuencia que se pode tirar desta disparidade de opinións en mentes iluminadas polas mesmas luces é que teñen tomado a comedia de xeito diferente, que uns considerárona na súa pureza en tanto que outros ollárona na súa corrupción e confundírona con todos eses espectáculos ruíns que con razón foron chamados espectáculos de ignominia.

Efectivamente, dado que debemos razoar sobre as cousas e non sobre as palabras, e que a maioría das contrariedades veñen por non se entender e embrullar nunha mesma palabra cousas opostas, non hai senón que tirar o veo do equívoco e fitar o que é a comedia en si para ver se é condenábel. Recoñeceráse sen dúbida que, ao non ser outra cousa senón un poema enxeñoso que con agradábeis leccións reprende os defectos dos homes, non se podería sen inxustiza censurala, e se queremos ouvir nese asunto o testemuño da Antigüidade, hanos dicir que os seus máis célebres filósofos fixeron louvanzas á comedia, eles que profesaban unha sabencia tan austera e que voceaban sen cesar contra os vicios do seu tempo. Hanos facer ver que Aristóteles consagrou veladas ao teatro e se tomou o traballo de reducir a preceptos a arte de facer comedias. Hanos ensinar que algúns dos seus máis grandes homes e primeiros en dignidade tiveron a gloria compoñelas eles mesmos, e que houbo outros que non desdeñaron recitar en público as que eles compuxeran, que Grecia fixo relucir a súa estima por esta arte ao través dos premios gloriosos e os soberbios teatros cos que quixo honrala, e que en Roma, en fin, esta mesma arte recibiu honores extraordinarios. Non digo na Roma abandallada baixo a licenza dos emperadores senón na Roma disciplinada baixo a sabencia dos cónsules e no tempo do vigor da virtude romana.

Confeso que houbo tempos nos que a comedia se corrompeu. E : que hai no mundo que non corrompan a cotío ? Non hai cousa tan inocente na que os homes non poidan introducir o crime, ningunha arte tan salutífera da que non sexan eles capaces de revirar as intencións, nada tan bo en si mesmo que non poidan dirixir a malos usos. A medicina é unha arte proveitosa, e todos a veneran como unha das cousas máis excelentes das que dispoñamos, e mais houbo épocas nas que se fixo odiosa, e a miúdo se fixo dela unha arte de envelenar os homes. A filosofía é un presente do Ceo, foinos dada para levar os nosos espíritos ao coñecemento dun Deus ao través da contemplación das maravillas da natureza, e mais non se ignora que a miúdo a desviaron da súa finalidade e que a ocuparon publicamente en soste a impiedade. Mesmo as cousas máis santas non se atopan a cuberto da corrupción dos homes e vemos delincuentes que a cotío abusan da piedade e a fan servir malignamente para os crimes máis grandes. Mais non por iso se deixa de establecer as distincións que cómpre facer. Non se envolve, nunha conclusión falsa, a bondade das cousas que corrompen coa maldade dos corruptores. Diferénciase sempre entre o mal uso e a intención da arte, e igual que non se ocorre prohibir a medicina por ter sido desterrada de Roma, nin a filosofía por ter sido publicamente condenada en Atenas, tamén non se debe intentar proscribir a comedia por ter sido censurada en certas épocas. Esta censura tivo as súas razóns, que non subsisten agora. Pechouse no que ela puido ver e non debemos tirala dos límites que se impuxo, estendela máis lonxe do que é preciso e facerlle abrazar o inocente co culpábel. A comedia que ela resolveu atacar non é a comedia que nós queremos defender. Hai que se gardar moito de confundir aquela con esta. Son dúas persoas

de costumes opostas de a feito. Non teñen ningunha relación unha coa outra fóra do parecido do nome, e sería unha inxustiza terríbel querer condenar a Olimpia, muller de ben, porque houbo unha Olimpia que foi unha bandalleira¹⁶. Sentenzas semellantes, sen dúbida provocarían unha gran desorde no mundo. Con iso non habería nada que non resultase condenado e -dado que non se garda ese rigor para tantas cousas das que se abusa a cotío- débese conceder a mesma grazza á comedia e aprobar as pezas de teatro nas que se vexa reinar a instrución e a honestidade.

Ben sei que existen mentes de tal delicadeza que non poden aturar comedia ningunha, que din que as máis honestas son as máis perigosas, que as paixóns que nelas se pintan son máis magoantes canto máis cheas de virtude están, e que as almas son conmovidas por esta caste de representacións. Eu non vexo o gran crime que é conmoverse coa vista dunha paixón honesta, e é un alto chanzo de virtude esa total insensibilidade á que queren facer subir a nosa alma. Dubido que a natureza humana teña forzas para unha perfección tan grande e non sei se non é mellor traballar en rectificar e suavizar as paixóns dos homes que querelas segar enteiramente. Confeso que existen lugares mellores de frecuentar que o teatro, e se se quere criticar todas as cousas que non atinxen directamente a Deus e á nosa salvación, é seguro que a comedia forma parte delas e eu non atopo mal que sexa condenada co resto. Mais supondo –como é certo- que os exercicios da piedade aturen intervalos e que os homes teñan necesidade de divertimento, sosteño que non se pode atopar ningún que sexa máis inocente do que a comedia. Xa me alonguei de máis. Rematemos cunhas palabras dun gran príncipe sobre a comedia do *Tartufo*.

Oito días despois de esta ser prohibida, representouse diante da Corte unha peza titulada *Scaramouche ermitán*, e o rei, ao saír, díxolle ao gran príncipe que quero citar¹⁷ : « Quixera eu ben saber por que a xente que se escandaliza tanto coa comedia de Molière non di unha palabra desta de *Scaramouche* » Ao que o príncipe respondeu : « A razón diso é que a comedia de Scaramouche se burla do Ceo e da relixión, dos que eses señores non se preocupan, mais a de Molière búrlase deles mesmos e é o que estes non dan aturado. »

¹⁶ Ao parecer é unha alusión a Olimpia Maidachini, cuñada do papa Inocencio X. Olimpia gobernou de feito a curia romana durante o papado de Inocencio (1644-1655), exercendo un control férreo sobre dela e sendo acusada por distintos escritos de se enriquecer á súa conta, de cometer numerosos actos criminais e de ser amante do papa, seu cuñado.

¹⁷ O príncipe de Condé (Condé o Grande).

SEÑORA PERNEL, nai de Orgón.
ORGÓN, marido de Elmira.
ELMIRA, muller de Orgón.
DAMÍS, fillo de Orgón.
MARIANA, filla de Orgón e namorada de Valerio.
VALERIO, namorado de Mariana.
CLEANTO, cuñado de Orgón.
TARTUFO, falso devoto.
DORINA, dama de compañía de Mariana.
SEÑOR LEAL, alguacil.
UN GARDA-MÓR.
FILIPOTA, criada da señora Pernel.

A escena acontece en París.

ACTO PRIMEIRO

Escena I

A señora Pernel e Filipota, a súa criada, Elmira, Mariana, Dorina, Damís, Cleanto.

SEÑORA PERNEL: -Axiña, Filipota, quérome librar destes.

ELMIRA : -Ides correndo tanto que a min xa me esqueceste.

SEÑORA PERNEL : -Deixade, miña nora, non camiñedes máis, que non preciso agora de coidados filiais.

ELMIRA : -Daquela, da conduta debida me escusades, mais : como é, miña nai, que tan logo marchades ?

SEÑORA PERNEL : -É porque non aturo este rebumbio todo, nin que de compracerme ninguén busque aquí o modo. Voume da vosa casa, de certo, descontenta porque o que eu ensino non se colle e se alenta ; non se respecta nada, a xente grita a esgalla, son todos a falar, non hai senón baralla.

DORINA: -Se...

SEÑORA PERNEL: -Vós sodes, rapaciña, pra serdes asistenta, un moitiño escachada e tamén baduenta: metédesvos en todo dando a vosa opinión.

DAMÍS: -Eu...

SEÑORA PERNEL: -Sodes parvo, neto, saibádelo ou non. A vosa avoa afirma -e testemuño fai- que lle dixo cen veces ao fillo (vosó pai) que estabades virando nun loubán e un rillote e só padecementos había el ter decote.

MARIANA: -Penso...

SEÑORA PERNEL: -Vós, súa irmá, agora vos retrato: facedes coma quen non rompedes un prato mais en verdade sodes unha moza ben dobre: tras desta miñaxoia hai alguén moi innobre.

ELMIRA: -Miña nai...

- SEÑORA PERNEL: -Miña nora, que mal non vos pareza:
non guiades os rapaces en boa natureza.
Súa nai (en paz estea) fíxoo ben mellor,
educando co exemplo todo o seu arredor.
Vós tirades cos cartos, iso a min dóeme moito
pois como unha princesa vos vestides de adoito.
A aquela que ao marido quere agradar con siso
poñer tantos enfeites non lle é nunca preciso.
- CLEANTO: -Mais señora, atendede...
- SEÑORA PERNEL: -A vós, irmán de Elmira,
esta que aquí vos fala ben vos quere e admira,
porén, de eu ser meu fillo, é dicir seu esposo,
habíavos prohibir de entrar no fogar noso.
Arreo predicades preceptos de vivir
que as persoas honestas xamais deben seguir.
Fálovos algo brusca, é o meu temperamento,
pois non quero agachar cal é o meu sentimento.
- DAMÍS: -Voso señor Tartufo é ben afortunado...
- SEÑORA PERNEL: -Pois que é un home de ben ten que ser escoitado
e non podo aturar sen eu sentir carraxe
que un tolo coma vós queira facerlle aldraxe.
- DAMÍS: -Terei, pois, que aturar que un soinamoina beato
goberne a miña casa cun poder insensato
sen deixarnos facer nada que nos divirta,
non sendo que o señor pecado non advirta?
- DORINA: -Se temos que escoitalo, cumprindo os seus reximes,
canto agora facemos non vos son senón crimes,
porque controla todo, o crítico acirrado.
- SEÑORA PERNEL: -E todo o que controla está ben controlado,
pois camiño do Ceo pretende vos levar
e meu fillo a estimalo debería incitar.
- DAMÍS: -Nadiña, miña avoa, non hai pai nin ninguén
que forzar me puidese a eu quererlle ben.
Traidor ao corazón sería en ocultando
que esa actitude súa estame sublevando.
Presinto o que vai vir e adiviño o remate:
hei acabar de vez con ese monifate.
- DORINA: -De certo hai unha cousa tamén que escandaliza:
ver un descoñecido que a casa fiscaliza.

Un famento chegou sen ter mesmo zapatos,
co vestido rillado, comesto polos ratos,
e agora estache aí, facendo un gran derramo,
contradicindo todo e pódose por amo.

SEÑORA PERNEL: -Miña vida da ialma! Iríanos mellor
se todo o gobernase o seu piadoso ardor!

DORINA: -Pasa por un santiño na vosa fantasía,
pois crédeme: os seus actos son pura hipocresía.

SEÑORA PERNEL: -Ai que lingua!

DORINA: -Nin del nin dese seu Lourenzo,
me había eu fiar nunca, e iso non o esquenzo.

SEÑORA PERNEL: -Non coñezo o criado, e del nada proclamo,
mais que é home de ben eu respondo do amo.
Vós odiádelo todos e así o rexeitades
porque a cotío el cántavos as verdades.
É contra do pecado a súa tirapuxa,
a defensa do Ceo é só o que o apuxa.

DORINA: -Si, mais: por que razón, maiormente arestora,
quere impedir a entrada doutra xente de fóra?
En que vai contra o Ceo unha visita honesta
pola que arma un espolio que nos abouxa a testa?
Voume explicar no asunto, escoitade un momento:
coido que da señora está todo ciumento.

SEÑORA PERNEL: -Calái e pensái antes as cousas despois ditas.
Non é somentes el quen critica as visitas.
Todo este trafego das xentes que tratades,
as carrozas arreo das moitas amizades
e de tantos lacaios a grande congreganza
provocan comentarios na vosa veciñanza.
Quero crer que a decencia no fondo se mantén,
mais fálase do asunto, e iso non convén.

CLEANTO: -Seica quere a señora impedir a conversa?
Faríase da vida a cousa máis adversa
se pola falarica que de nós alguén diga
cumprise renunciarmos á nosa xente amiga.
E mesmo se estivermos dispostos a intentalo:
sodes quen de mandardes no mundo, e de calalo?
Contra a maledicencia non existen murallas.
Non lles fagamos caso a eses tolos bardallas,
tentemos de vivir na maior inocencia,

deixando os latriqueiros dar na súa apetencia.

- DORINA: -Dafne, a nosa veciña e o seu cativo esposo:
son eles os que espallan un mal concepto noso?
Aqueles de conduta que máis ten que calar
sempre son os primeiros en outros criticar;
axexan, ben á espreita, a paixón incipiente,
que afirman, mesmo se é de certo inexistente;
baixo a forma que queren sementan a noticia,
canto máis esaxeran, maior a súa ledicia.
Os actos dos demais pintan coas súa cores
buscando autorizar os dos argalladores,
e esperan atopar algunha semellanza
para as súas intrigas fincar con seguranza,
ou repartir un pouco os golpes recaídos
espetando nos outros os dardos recibidos.
- SEÑORA PERNEL: -Toda esta discusión nada nos adianta.
Eu poño como exemplo a figura de Oranta.
Só no Ceo ela pensa, e sei en confianza
que condena de afeito esta vosa folganza.
- DORINA: -O exemplo é excelente e esta señora é boa!
É certo que ela vive cal austera persoa,
mais a vellez na alma lle puxo un celo ardente
e cos anos volveuse beata forzadamente:
mentres puido atraer corazóns en fogaxe
aproveitouse arreo desa súa vantaxe,
mais ao ver dos seus ollos os fulgores baixar,
ao mundo que a abandona dispónse a renunciar
e, co manto pomposo da alta virtuosidade,
dos encantos gastados disfraz a nulidade.
Son os reviramentos das coquetas de agora
pois que o vello atractivo xa foxe e non namora.
E nese desamparo, fronte ás vidas ingratas,
non ven máis solución que se meteren beatas.
A gran severidade desas damas honestas
censura toda cousa e vai fendendo testas;
contra de cadaquén montan ardua pelexa
mais non por caridade senón por simple envexa;
non son quen de aturar que outra leve os praceres
dos que o solpor da idade privou estas mulleres.
- SEÑORA PERNEL: -Son contiños de fadas precisos pra agradarvos.
Na vosa casa, nora, cómpre calar cal parvos
pois a señora é quen fala todo o día
cando parolizar é o que eu pretendía.
Dígovos que o meu fillo non puido obrar mellor

que en traendo á súa casa tan devoto señor;
que o Ceo, para axudarvos, aquí o mandou convosco
para así endereitar o voso vivir tosko;
que para vos salvardes debedes escoitalo
; pois non reprende nada que en si non sexa malo.
Todas esas visitas, bailes, conversacións,
son todas do Maligno completas invencións.
Nunca nelas se senten falas pías e serias
senón cancións e danzas, andrómenas e lerias;
Moitas veces o ausente vituperan a oito
dirixindo a rexouba a torto e a dereito.
Nas xentes asisadas a mente é un fervedoiro,
tanta é a confusión que provoca o xuntoiro:
mil cacarexos tecen, fabricados nun chouto,
e, como dixo un día un teólogo douto,
“Alá vos é, en verdade, a Torre de Babeco”
(pois seica a Biblia di que a fixo un moneco).
Para seguir a historia no punto no que estaba...

(Sinalando a Cleanto)

E velaí o señor facendo burla á brava!
ide cos toleiráns que vos fan así rir.
Eu sen máis... Miña nora, voume pra xa non vir!
Da miña estima, a casa perde agora a metade
e só se muda todo mudarei de vontade!

(Dándolle unha labazada a Filipota)

Veña, vós! Que pensades? Na morte da becerra?
Santo Deus! En chegando hei botar unha berra.
En marcha, vasculleira!

Escena II

Cleanto, Dorina

CLEANTO: -Pois eu non penso ir
porque ela volvería, testuda, a discutir,
a boa da señora.

DORINA: -É mágoa realmente
que non queira escoitar tal fala intelixente.
Diría que vós si sodes home de idade,
mais que ela aínda se atopa perto da mocidade.

CLEANTO: -Como, contra de nós, se puxo encarraxada!

Semella do Tartufo cegamente prendada!

DORINA: -Pois non ten comparanza co que o seu fillo fai;
de velo diríades: “El ben máis lonxe vai!”.
Nas guerras que houbo aquí foi home coidadoso
e ao servizo do rei mostrouse valoroso,
mais despois converteuse nun home apampado
dende que por Tartufo se atopa cativado.
Chámalle seu irmán e a el prefire ver
cen veces máis que á nai, fillo, filla ou muller;
de todos os segredos confidente é maior,
de todos os seus actos el é o director;
aloumíñao todo, dálle máis agarimo
que o que a unha namorada se lle dá, eu estimo;
na mesa pra xantar pono na presidencia
e come máis que seis con toda compracencia;
as mellores talladas van sempre ao moralista,
e se Tartufo arrota di: “Irmán, Deus vos asista!”.
Por el estavos tolo, morre de admiración,
considérao santo, cítao en toda ocasión;
Canto Tartufo fai parécelle un milagre
e por el bebería mesmo fose vinagre.
Aquel, que ben o sabe e quer tirar proveito,
con dez mil trampulladas engánao de afeito;
empeta o beatón cartos en cantidade
e xulga duramente a nosa actividade.
Por riba, o seu servente, un fato e un pasmón,
pretende adoutrinarnos predicando a lección;
pon ollos de reproche, o que mellor lle axeite,
e di que non nos cómpre adobío ou enfeite.
Rompeunos ese día un encaixe precioso
porque seica o topara nun libro relixioso.
“Non se pode, –dixo el- é un crime ben extremo,
mesturar deste modo os santos máis o demo”.

Escena III

Elmira, Mariana, Damís, Cleanto, Dorina.

ELMIRA: -Tivestes moita sorte ao non ter asistido
ao discurso que á porta botou ela a seguido.
Vin alá o meu esposo mais el non soubo nada;
vou, logo, para dentro ata a súa chegada.

CLEANTO: -Eu, só por saudalo, agardareino fóra
sen perder moito tempo nunha longa demora.

DAMÍS: -Aludide un pouquiño á voda de Mariana, temo eu que Tartufo non ten ningunha gana e que obrigue a meu pai a se opoñer ferreño. Vós sabedes por que tanto interese eu teño: se miña irmá e Valerio senten o ardente fogo, tamén eu pola súa coñezo o mesmo afogo. E se cómpre...

DORINA: -Ei! Aí ven!

Escena IV

Orgón, Cleanto, Dorina

ORGÓN: -Ah, meu irmán, bo día!

CLEANTO: -Estou ledo de vervos, arestora eu saía; o campo neste tempo non loce moita flor.

ORGÓN: -Dorina... Meu cuñado, agardai, por favor. Querédesme escusar (pois estou preocupado) que me informe un pouquiño do que aquí ten pasado? Nos dous días de ausencia: todo correu por ben? Todo vai dereitiño? Todo como convén?

DORINA: -A señora con febre estivo antonte á tarde, desa que vos derriba, coa cabeza que arde.

ORGÓN: -E Tartufo?

DORINA: -Tartufo? A saúde non troca: ben mantido, pel fresca e tan vermella a boca.

ORGÓN: -Pobriño!

DORINA: -A señora non deu tocado a cea, pois de dor a súa testa estaba toda chea.

ORGÓN: -E Tartufo?

DORINA: -El ceou, tranquilo diante dela, con devoción, un galo e, enteira, unha costela.

ORGÓN: -Pobriño!

DORINA: -Ela estivo sen poder pechar ollo,

suando toda a noite, enchoupada en remollo.
E nós, as servidoras, quedamos a velar
para estar á súa beira e podela axudar.

ORGÓN: -E Tartufo?

DORINA: -Levado por sono adormecente,
no leito do seu cuarto deitouse dilixente
e durmiu ben quentiño ata entrada a mañá,
sen molestia ningunha que o espertase xa.

ORGÓN: -Pobriño!

DORINA: -Ao final ela, ante a nosa insistencia
aceptou a sangría con enorme paciencia,
e logo, xa aliviada, recuperouse axiña.

ORGÓN: -E Tartufo?

DORINA: -Pois el seguíu naquela liña:
para fortalecer a súa alma redentora,
repoñendo así o sangue que perdera a señora,
bebeuvos no almorzo catro copas de viño.

ORGÓN: -Pobriño!

DORINA: -Os dous van ben, todo moi ao xeitiño.
Vou cabo da señora anunciar con urxencia
o que tal vos preocupa a súa convalecencia.

Escena V

Orgón, Cleanto

CLEANTO: -Na vosa propia cara rin de vós, meu irmán!
Sen ánimo de ofensa direivos de antemán
que toda a razón levan, pois non se ten constancia
de que xamais se vise maior extravagancia.
Como é que un home ten tanto poderío
que vos fai esquecer por el todo a cotío?
Que despois de o tirardes da máis negra miseria
cheguedes ata o extremo...

ORGÓN: -Non sigades coa leria,
irmán, non coñecedes aquel de que falades.

CLEANTO: -Non o coñezo, non, se así o interpretades,

mais qué home pode ser, son quen de adiviñalo...

ORGÓN: -Meu irmán, estariades ben feliz de tratalo.
Fariades louvanzas del e do seu renome
pois el é un home que... un home de... un home
que segue as ensinanzas, sente acougo profundo
e como refugallo xulga a todo o mundo.
Eu noutro me transformo por mor do seu achego
e a todo o desta vida vaime el tirando o apego;
vería eu morrer fillos, esposa, nai e irmáns
sen que máis me importase do que lavar as mans:
el libera a miña alma de calquera amizade.

CLEANTO: -Son eses sentimentos de grande humanidade!

ORGÓN: -Sabendo como del fixen coñecemento
vós tamén tomariades este agradecemento.
Víñavos cada día á igrexa moi orante
e alí se axeonllaba, mesmo de min diante.
Atraía as olladas de toda a reunión
polo ardor con que ao Ceo elevaba a oración:
botaba longos laios entre grande arrebató;
bicando humildemente aquel chan de inmediato;
e cando eu saía, sempre el viña á cita
correndo a porta a darme a miña auga bendita.
Vendo a súa laceira e como el se portaba,
escoitando ao criado, que en todo o imitaba,
dáballe eu donativos, mais el, moi recatado,
devolvía unha parte de canto lle era dado.
“É de máis -respondía-sóbravos a metade,
eu non son merecente da vosa caridade”.
E cando eu me negaba a de novo collelos,
aos pobres que alí había ía axiña cedelos.
Finalmente o Ceo mandoumo acubillar;
con el na miña casa todo está a prosperar.
Vixía a todo o mundo, mesmo á miña muller,
coidando a miña honra canto máis se puiden,
e advírteme da xente que a mira con dozura,
máis ciumento ca min se mostra con fartura;
pecado considera calquera miudalla
e fai coa súa idea balbordo de batalla;
unha insignificancia pódeo escandalizar,
así esoutro día veu a min se acusar
de pillar unha pulga no tempo da oración
e, sen máis, de matala, levado a ofuscación.

CLEANTO: -Arré! Ai, meu irmán, seica vós toleades!
Con esa parrafada, non é que vos burlades?
Que pretendedes vós con tanta garulaxe?...

- ORGÓN: -Irmán, a vosa fala cheira a libertinaxe
pois esta na vosa alma algo ten penetrado
e, como xa ben veces vos teño predicado,
ha de vos provocar un día un gran problema.
- CLEANTO: -Dos vosos semellantes ese é o constante lema:
facen cegos coma eles é o que tal pretendem
e chaman libertinos aos que a eles non se renden;
din que o que non adora entre mexericadas
nin respecta nin cre nas cousas máis sagradas.
Veña! Os vosos discursos non me dan ningún medo:
eu ben sei o que digo e Deus como procedo.
Non somos os escravos deses finxidos crentes,
haivos falsos devotos como hai falsos valentes;
e da mesma maneira que, onde van con honores,
os valentes de certo non son latricadores,
os devotos de certo, que debemos seguir,
non van xesticulando, querendo presumir.
Seica vós non facedes ningunha distinción
entre a hipocrisía e mais a devoción?
Pretendedes tratalas como á mesma linguaxe
cando cousas distintas son rostro e caretaxe?
Igualar o arremedo coa sinceridade?
Confundir a aparencia coa propia verdade?
Estimar o fantasma tanto como a persoa
e a moeda que é falsa tanto como a que é boa?
Os homes case sempre son de estraña maneira!
Nunca eles se sitúan da natureza á beira;
os marcos da razón resúltanlles estreitos
e logo os ultrapasan, por verse insatisfeitos;
o máis nobre dos actos derraman a miúdo
levándoo ata o extremo, volvéndoo carrancudo.
Dígovolo, cuñado, de paso e sen rancor.
- ORGÓN: -Sen dúbida vós sodes admirado doutor;
todo o saber do mundo está en vós concentrado,
sodes o único sabio e o único ilustrado,
un Catón, un oráculo deste tempo reinante,
comparado cos homes vós sodes un xigante!
- CLEANTO: -Non vos son eu en nada tal doutor admirado
nin o saber en min se atopa concentrado,
mais, en suma, si sei (e é cativa sabenza)
entre o falso e o certo facer a diferenza.
E tal como non vexo que exista un campión
maior do que practica a auténtica oración
-non hai cousa no mundo máis nobre e máis fermosa
que a santa e verdadeira devoción relixiosa-

tamén a falsa é a máis aborrecida:
 pintura branqueada da devoción finxida,
 de home falabarato e charlatán da rúa
 que co seu sacrilexio e a súa falcatrúa
 engana impunemente, burlándose, o lavado,
 de todo o que os mortais teñen por máis sagrado.
 Sometendo a súa alma ao interese, ao diñeiro,
 faivos da devoción oficio vivideiro,
 e pretende mercar creto e mais dignidade
 con moita chiscadela, moita falsa bondade.
 Xente que con ardor aproveita a tribuna
 do camiño do Ceo só buscando fortuna;
 que predica o retiro desta vida mundana
 mais pide todo o día sen moderar a gana,
 que sabe acompañar o celo co seu vicio,
 é xente vingativa, ruín, negro artificio.
 Pra perderen alguén cobren con insolencia
 co interese do Ceo a propia conveniencia,
 tanto máis perigosa, na súa agre carraxe,
 que emprenden contra nós unha guerra salvaxe
 empuñando sagradas armas que respectamos,
 querendo eles matarnos co que máis veneramos.
 Vense destes falsarios a esgalla aparecer,
 mais os devotos certos son bos de coñecer.
 Este tempo, irmán, expón á nosa vista
 exemplos abundantes que forman longa lista:
 velaí Aristón, e velaí Periandro,
 Oronte, Polidoro, Alcidamas, Clitandro.
 Ninguén lles tira a sona nin a carencia alude
 pois nunca fachendearon de xente de virtude.
 Non se albiscará neles nada que for nefasto:
 a súa devoción é humana, non é fasto.
 Non censuran severos calquera nosa acción
 e atopan presuntuoso esixir corrección;
 samente as accións deles repréndennos as nosas
 deixando para os outros as palabras pomposas.
 A aparencia de falta non lles fai concluír
 que a bondade allea debesén excluír.
 Non hai neles conxuras nin intrigas preparan,
 en vivir ben cos outros é no que máis reparan.
 Nunca do pecador fan escarnecemento,
 só odian o pecado con encarnizamento.
 Non se gaban de ser a defensa do Ceo
 porque este ben se vale e non precisa esteo.
 Velaí a miña xente, como cómpre actuar,
 ese é o mellor exemplo para se comportar.
 O home que dicides non é ese modelo,
 vós, de moi boa fe, coidades así velo
 mais por un brillo falso estades fascinado.

ORGÓN: -Rematado o discurso, cuñado?

CLEANTO: -Rematado.

ORGÓN: -Son voso servidor!

(Quérese ir)

CLEANTO: -Deixemos este lerio e escoitade, cuñado: Sabedes que Valerio ten a vosa palabra pra ser o voso xenro.

ORGÓN: -Sei.

CLEANTO: -Fixastes a data para un día tan tenro.

ORGÓN: -Si.

CLEANTO: -E por que, daquela, o asunto se retarda?

ORGÓN: -Non sei.

CLEANTO: -A vosa testa unha sorpresa garda?

ORGÓN: -Igual.

CLEANTO: - Seica recuades no xa comprometido?

ORGÓN: -Non dixeran eu tal cousa.

CLEANTO: -Non ten aparecido obstáculo ningún para cumprir o pacto.

ORGÓN: -Quizáis.

CLEANTO: -Con tantas voltas tédesme estupefacto. Valerio a min pediume de volo consultar

ORGÓN: -Valla Deus! Que importuno!

CLEANTO: -Que resposta lle hei dar?

ORGÓN: -Dicide o que vos pete.

CLEANTO: -Mais antes é preciso saber a vosa idea. Cal é?

ORGÓN: -Pois évos iso:

a vontade do Ceo.

CLEANTO: -Valerio ten razón:
a promesa está feita, mantédela si ou non?

ORGÓN: -Adeus!

CLEANTO: -Temo que pode levar algún traspés,
vou axiña avisalo, non sufra un gran revés.

ACTO SEGUNDO

Escena I

Orgón, Mariana

ORGÓN: -Mariana.

MARIANA: -Si, meu pai.

ORGÓN: -Pasade acá, que teño
que falar en segredo.

(Mira nun cuartoño)

MARIANA: -Que buscades?

ORGÓN: -Pois veño
ver se estivese aquí alguén a escoitarnos
porque o sitio é pequeno, ideal pra observarnos.
Vamos, non hai coidado! Mariana, miña filla,
convosco sempre estiven moi ben, de maravilla;
crievos co cariño máis grande canto hai.

MARIANA: -Tamén eu recoñezo o voso amor, meu pai.

ORGÓN: -Esa é cousa moi certa, e para merecelo
teredes que seguir con constancia a facelo.

MARIANA: -Poño niso o interese maior polo meu lado.

ORGÓN: - Moi ben. Que é o que pensades de Tartufo, o invitado?

MARIANA: -Quen, eu?

ORGÓN -Vós. Reparade no que me contestades.

MARIANA: -Coitada! Eu direivos o que vós dispoñades.

ORGÓN: -Falades sabiamente. Dicide, logo, filla,
que en toda a súa persoa un gran mérito brilla;
que o voso corazón del está todo ansioso
e quereriades que volo dese en esposo,
eh?

(Mariana recúa coa sorpresa)

MARIANA: -Eh?

ORGÓN: -O que?

MARIANA: -Como é?

ORGÓN: -Que foi?

MARIANA: -Seica me engano?

ORGÓN: -Que di?

MARIANA: -Quen pretendedes que eu pinte tan galano
pondo o meu corazón como del todo ansioso
e dicindo que quero que mo deades de esposo?

ORGÓN: -Tartufo.

MARIANA: - Non é certo, a vosa filla xura.
Por que me obrigades a unha tal impostura?

ORGÓN: - Mais o que quero eu é que sexa verdade,
daquela vós cumprieste esta miña vontade.

MARIANA: -Pretendedes, meu pai...?

ORGÓN: -Pretendo, miña filla,
unilo á miña estirpe cunha boa partilla.
Vai ser o voso esposo, decidino eu así.
Como enriba vosa eu...

Escena II

Dorina, Orgón, Mariana

ORGÓN: -Que facedes aí?
A ruín curiosidade apúxavos ben forte
a escoitar a conversa que temos desta sorte.

DORINA: -Non sei se alguén me dixo a posibilidade
ou sentín falar dela só por casualidade,
mais deste casamento chegoume xa a noticia
e eu considereina unha simple estulticia.

ORGÓN: -O asunto non é crible?

DORINA: -Pois non volo é, non.
e nin a vós, señor, vos creo a afirmación.

ORGÓN: -Ben sei eu a maneira de facérvola crer.

DORINA: -É unha historia graciosa, cómpre recoñecer.

ORGÓN: -É unha historia que ides ver de aquí a moi pouco.

DORINA: -Contos!

ORGÓN: -O que eu propoño non é un xogo louco.

DORINA: - Vamos! Non lle creades ao señor voso pai:
Mófase.

ORGÓN: -Dígovos que...

DORINA: -A burla á vista vai:
non vos han crer.

ORGÓN: -Daquela, amoso a miña ira...

DORINA: - Creremos, logo, a trama que contra vós se vira.
O que! Pode o señor, con aires de prudencia
e un rostro que ao miralo desprende competencia
pretender, como un tolo...

ORGÓN: -Miña amiga, escoitade:
nesta casa collestes extrema liberdade
que non me gusta nada, iso vos esclarezo.

DORINA: -Falemos sen enfado, señor, volo agradezo.
Burládesvos da xente facendo o argalleiro?
Vosa filla non é pra atar a un beateiro:
este ten outras cousas, moitas, nas que pensar.
E mais esa alianza: que vos vai reportar?
Por que habedese buscar, tendo tanta riqueza,

un xenro miserento?

ORGÓN: -Calade, a súa pobreza
é xusto o que me atrae, é unha razón seria,
porque a miseria del é unha honrada miseria:
por riba dos honores vaine así elevar
pois soubo dos honores deixarse antes privar
ao lle importaren pouco as glorias temporais
e pensar el somente nas espirituais.
Entón, coa miña axuda, que será a mellor prenda,
terá a oportunidade de repór a facenda,
título de gran sona que todo o país cobre,
pois aí onde o vedes é un ilustre nobre.

DORINA: -É el quen fachendea. Tal falta de humildade
non cadra nada ben coa auténtica piedade.
Quen dunha vida santa abraza a inocencia
non debe gabar tanto o seu nome e nacemento,
e o modesto camiño que leva á devoción
non concorda co brillo desa tola ambición.
A que ven tanto orgullo? O discurso tropeza:
falemos só do home, deixemos a nobreza.
Faredeslle entrega, sen tragardes vós fel,
de rapaza coma esta a un home coma el?
Non deberiades ben pensar na coherencia
e deste casamento prever a consecuencia?
Pois sempre dunha filla arríscase a virtude
cando a casan á forza e o cariño se elude;
a continuidade dun matrimonio san
depende se harmoniza co home que lle dan;
aquele de quen co dedo van sinalando a fronte
ten culpa moitas veces pois pra a muller é ponte.
Resulta moi difícil permanecer fiel
tendo certos esposos feitos con ruín cicel,
e o que entrega unha filla, se o marido ela odia,
responderá ante o Ceo da falta da custodia.
Pensade nos perigos que podedes sufrir.

ORGÓN: -Vaime aprender aínda como debo eu vivir!

DORINA: -A seguir o consello debiades estar pronto.

ORGÓN: -Non enredemos máis,! Ei, filla, morra o conto!
Sei o que precisades con todo maxisterio.
Prometínvos, é certo, como esposa a Valerio
mais vexo que no xogo el prende de continuo,
e sospeito, por riba, que é un pouco libertino:
non o vexo a miúdo frecuentando a igrexa.

DORINA: -Queredes que con fasto entre alí, para envexa,
como fan sempre os parvos con moita presunción?

ORGÓN: -Non estou preguntando eu a vosa opinión.
En fin, co Ceo, o outro é o mellor do mundo,
é un tesouro que nunca quedará de segundo.
A voda colmará o voso gozo pleno
que estará acompañado por benestar sereno.
Xuntos ides vivir, como rulos no niño,
parella agarimosa, meniña con meniño;
ningunha discusión habedes nunca ter
e o que vós dispoñades sempre el ha facer.

DORINA: -Ao pobre do seu home ha facer malpocado.

ORGÓN: -Que ánimo!

DORINA: - O futuro está así trazado;
o ascendente, señor, tenvos un gran influxo
e a virtude da filla terá menos empuxo.

ORGÓN: -Non me interrompades e pensade en calar,
sen meter o fociño se ninguén vos chamar.

DORINA: -Falo disto, señor, só no voso interese.

(Interrómpeo sempre no momento no que el se vira para lle falar á súa filla)

ORGÓN: -Coidádesme de máis, dígovos que xa cese.

DORINA: -Se non vos quixeramos...

ORGÓN: -Pois que ninguén me queira.

DORINA: -Eu quérovos querer, por riba da maneira.

ORGÓN: -Ah!

DORINA: -Estimo a vosa honra, non podo resistir
ver como na picota vos deixades lucir.

ORGÓN: -Ides calar de vez?

DORINA: -É un cargo de conciencia
deixarvos realizar unha tal confluencia.

ORGÓN: -Calarás xa, serpente de aguillón pezoñento...?

DORINA: -Velaí do devoto colérico o rebento.

ORGÓN: -Si, quéntaseme a bile ao ver tanta parvada.
Ordénoche, daquela: permanece calada!

DORINA: -De acordo, mais calada non deixo de pensalo.

ORGÓN: -Pensa todo o que queiras... sen mo comunicalo.
Abstente, senón eu... Abonda!

(Virándose cara á súa filla)

Valla o Ceo!

Pensei moito este asunto.

DORINA: -Arré! Eu arrabeo
por non poder falar.

(Dorina cala cando Orgón revira a cara)

ORGÓN: -Sen ser un galanceiro
Tartufo é de tal xeito...

DORINA: -Ter ten un bo peteiro.

ORGÓN: -Mesmo se non lle tes ningunha admiración
polas outras virtudes...

(Dá a volta diante dela e míraa cos brazos cruzados)

DORINA: -Leva boa ración!
No caso de eu ser ela, un home certamente
non me había levar á forza impunemente.
Habíalle amosar, des que pasase a festa
que unha muller ten sempre unha vinganza presta.

ORGÓN: -Entón ao que eu digo non se vai facer caso?

DORINA: -De que é que vos queixades? Falo convosco acaso?

ORGÓN: -Pois, daquela, que fas?

DORINA: -Falo só para min.

ORGÓN: -Á insolencia da moza non lle vexo ter fin
e vou ter que zouparlle un bo revés coa man.

(Ponse en posición de lle dar unha labazada, e Dorina, a cada ollada que el lle bota, fica tesa sen falar)

Miña filla, aceptade de grado este meu plan...
Crédeme que o marido....que souben elixir...

(A Dorina)

Non falas?

DORINA: -Non, non teño nada que me dicir.

ORGÓN: -Veña, unha palabriña.

DORINA: -Ben vexo como é.

ORGÓN: -Estoute vixiando.

DORINA: -Unha parva, abofé!

ORGÓN: -En suma, filla, logo: debédesme obediencia
e mostrar cara a min enteira deferencia.

DORINA *(escapando)*:

-Eu non aceptaría tomar un tal esposo.

(Orgón quérelle dar unha labazada e non a acada)

ORGÓN: -Tedes convosco, filla, un andazo asqueroso
co que eu sen pecado non daría vivido,
e agora non me deixa que dea proseguido:
a súa desvergoña acórame e relouco.
Vou tomar algo o aire pra serenarme un pouco.

Escena III

Dorina, Mariana.

DORINA: -Seica perdestes, logo, enteira a vosa fala
e teño que vir eu pra vós agora dala?
Ver como vos impoñen un plan de arrepío
e que vós, caladiña, non dades nin un chío?

MARIANA: -Contra un pai absoluto: que podo facer eu?

DORINA: -O que sexa preciso pra parar o que veu.

MARIANA: -Que?

DORINA: -Dicir que só en vós esa elección reside, se sodes vós quen casa seredes quen decide, e que ao serdes aquela pra quen todo se fai será voso o marido, e non do voso pai. E que se o seu Tartufo topa tan atraente pode casar con el, non hai inconveniente.

MARIANA: -Confeso que un pai ten en nós tanto mando que eu nunca fun capaz de me arrepór teimando.

DORINA: -Razoemos, Valerio abriu o corazón, dicide sen rodeos: amádelo, si ou non?

MARIANA: -Ai! A túa inxustiza envólveme na onda, Dorina, ao me pedires que agora che responda. Non che abrín eu tamén cen veces a miña alma? Non sabes que sen el eu perdo toda a calma?

DORINA: -Ignoro se falaba o corazón na boca e se é o seu amor o que iso vos provoca.

MARIANA: -Máncasme grandemente, Dorina, ao dubidar, porque os meus sentimentos ben fixen resaltar.

DORINA: -Amádelo, entón?

MARIANA: -Ámoo con gran ardor.

DORINA: -E polo que parece el tenvos tanto amor.

MARIANA: -Penso que si.

DORINA: -Ardedes daquela os dous co fogo de estar xuntos casados?

MARIANA: -E que sexa ben logo.

DORINA: -E a unión con Tartufo: como se vos presenta?

MARIANA: -Dareime axiña a morte se é que así me violenta.

DORINA: -Moi ben, é unha saída na que eu non pensara: só tedes que morrer e a cousa xa está clara.

A solución, si, é, a fe, maravillosa;
sentírvolo dicir ponme toda furiosa.

MARIANA: -Por Deus, miña Dorina, puxéche doente!
Tes que pensar un pouco no padecer da xente.

DORINA: -Non me doio nadiña de quen só di parvadas
e achanta cal meniño diante das trangalladas.

MARIANA: -Que lle queres se así é a miña natureza?

DORINA: -O amor, no corazón esixe ter firmeza.

MARIANA: -Non tiven eu abondo para o amor de Valerio?
Non lle toca a el mudarlle ao meu pai o criterio?

DORINA: -O que? Se o voso pai é un home tan testudo
que polo seu Tartufo se volve perrenchudo
e falta á súa palabra, que antes fora dada:
a culpa, ao voso amante debe ser imputada?

MARIANA: -Con tal rexeitamento e tan forte desprezo:
non vai a miña sona pagar máis alto prezo?
Ao meu deber de filla e mais ao meu pudor
non estarei faltando se grito o meu amor?
Queres que aos catro ventos proclame ante as paredes...?

DORINA: -Non, non, non quero nada. Vexo que vós queredes
ser do señor Tartufo. Non tería eu crianza
se é que vos desviase dunha tal alianza.
Por que vou combater contra o desexo voso?
O proveito dun mesmo resulta moi rendoso.
Señor Tartufo, ah, non é cousa miúda!
Señor Tartufo, oh, é mente moi aguda!
É unha boa ocasión: correde e casade!
Non é pouca fortuna ser a súa metade!
E todo o mundo xa a súa testa coroa;
é nobre pola casa, ben feita a súa persoa,
ten orella vermella e pel de boa cor.
Vivir con tal marido? Nada haberá mellor!

MARIANA: -Meu Deus!

DORINA -E sentiredes a vosa alma gozosa
ao ser dese galán a distinguida esposa.

MARIANA: -Remata, por favor, semellante discurso,
e, contra o casamento, á axuda dálle curso.
Réndome! Estou de acordo, farei o necesario.

DORINA: -Non, que a filla non pode ir do pai en contrario mesmo se este lle dese por marido un macaco; vós tedes boa sorte: levades un bo anaco. Iredes en carruaxe percorrendo a aldea que de curmáns e tíos atoparedes chea; daravos moito gusto con eles conversar. As notabeis da vila iredes visitar: a muller do vigairo e a do rexedor que un banco de madeira han poñervos de honor. Polo entroido teredes gran orquesta e mais danza: un gaitero e tambor para mover a panza. Iso se o voso esposo...

MARIANA: -Cala, fasme morrer.
Dáme mellor consellos que poidan socorrer.

DORINA: -Son vosa servidora.

MARIANA: -Dorina, por piedade!...

DORINA: -Para que aprendades, agora aturade.

MARIANA: -Vamos, filliña!

DORINA: -Non.

MARIANA: -Podo asegurar...

DORINA: -Vós sodes de Tartufo e ídelo catar.

MARIANA: -Ti sabes que contigo falei sempre confiada: faime...

DORINA: -Non, vós seredes, abofé, tartufada.

MARIANA: -Ben, pois que a miña sorte bate co teu “non” fero, déixame que me entregue enteira ao desespero; será el quen me axude a rematar co mal dando ao meu corazón a solución fatal.

(Quérese ir)

DORINA: -Ei, alá! Regresade! Deixo o meu incomodo: doereime de vós e axudarei en todo.

MARIANA: -Sabes? Se é que me expoñen a esta cruel tortura, Dorina, a miña morte podes ter por segura.

DORINA: -Non vos atormentedes. Daráse amañado...
Mais velaí Valerio, o voso namorado.

Escena IV

Valerio, Mariana, Dorina

VALERIO: -Acaba de chegarme, señora, unha noticia
que eu descoñecía e é causa de ledicia.

DORINA: -Cal?

VALERIO: -A de que casades con Tartufo.

MARIANA: -Si, é certo :
meu pai anda tramando tan grande desacerto.

VALERIO: -O voso pai, señora...?

MARIANA: -Mudou a súa aposta,
e agora outra distinta trouxo e foime exposta.

VALERIO: -O que? O asunto é serio?

MARIANA: -Éo, si, totalmente:
a prol destoutro enlace mostrouse tenazmente.

VALERIO: -E cal é a vontade que a vosa mente ten,
señora?

MARIANA: -Non o sei.

VALERIO: -A resposta mantén.
Non sabedes?

MARIANA: - Non.

VALERIO: -Non?

MARIANA: -Vós que me aconsellades?

VALERIO: -Que axiña a tal esposo o voso “si” deades.

MARIANA: -Ese é o voso consello?

VALERIO: -É, si.

MARIANA: -Talmente?

VALERIO: -É.
Que é unha escolla gloriosa iso calquera o ve.

MARIANA: -Pois ben, ese consello, meu señor, seguirei.

VALERIO: -Non vos ha ser difícil seguir a vosa lei.

MARIANA: -Non máis do que ao me dalo sufriu a vosa alma.

VALERIO: -Eu volo dei, señora, para poñer a palma.

MARIANA: -Pois eu, eu seguireino para poñer o ramo.

DORINA: -Non sei se non virá ao final un derramo.

VALERIO: -É así como se ama? Era engano traidor cando vós...

MARIANA: -Non falemos máis diso, por favor.
Dixestes con franqueza que eu debía aceptar aquel que para esposo me queren presentar. Por iso eu declaro que resolvín facelo, cumprindo así fielmente ese voso modelo.

VALERIO: -Non poñades de escusa unha miña intención: xa tiñades tomada esa resolución e o voso maxín un mal pretexto labra só pra así encubirdes o faltar á palabra.

MARIANA: -É certo, ben falado.

VALERIO: -Pois claro, tal ardor non sentistes por min con verdadeiro amor.

MARIANA: -Podedes concluír de min tal sentimento.

VALERIO: -Podo, e a miña alma, ferida nese intento, se cadra vos adianta, sacudida de abalos: o corazón e a man ben sei onde levalos.

MARIANA: -Iso non o dubido, senón que o aseguro que merecedes moito...

VALERIO: -O meu mérito é escuro.

-Teño pouco, abofé, como vós xa sabedes,
mais irei procurar doutra man as mercedes
pois sei quen me ha ofrecer o esforzo cumprido
para así compensar todo o meu ben perdido.

MARIANA: -O perdido é pouquiño, e con esa mudanza
habedes consolarvos sen mesmo ter lembranza.

VALERIO: -Farei o máis que poida, podedelo vós crer,
que se alguén nos esquece fórzanos a o facer.
Se non dou esquecido poñerei os acenos,
e se non é verdade finxirei cando menos;
porque unha covardía que xamáis se perdoa
é mostrarmos amor a quen nos deixa á toa.

MARIANA: -O sentimento, a fé, é nobre e delicado.

VALERIO: -Éo, si, e por todos debe ser aprobado.
Ou pretenderiades ser sempre a miña ama
conservando para vós o ardor da miña chama?
Que vos vise ante min pasando a outros brazos
sen buscar o consolo e sentir novos azos?

MARIANA: -Ao contrario, señor, xusto iso é o que quero:
podelo ver axiña é o que máis espero.

VALERIO: -Queredelo?

MARIANA: -Pois si.

VALERIO: -Abonda de inxuriar,
señora, que eu xa marchó para vos contentar.

(Dá un paso para marchar e volve de novo)

MARIANA: -Moi ben.

VALERIO: -Lembrede ao menos que cheguei a este extremo
porque vós me forzastes a un esforzo supremo.

MARIANA: -Si.

VALERIO: -E que o exemplo voso guíame cego e xordo.

MARIANA: -Seguindo o meu exemplo, dicides, e eu concordo.

VALERIO: -Xa está ben, pois queredes, ides ir ben servida.

MARIANA: -É o mellor.

VALERIO: -Pois, daquela, despídome por vida.

MARIANA: -En boa hora.

VALERIO: - Eh?

MARIANA: -O que?

VALERIO: -Seica chamades?

MARIANA: -Eu? Non tal.

VALERIO: -Voume logo, sen ningunhas saudades.
Por sempre adeus, señora.

MARIANA: -Por sempre adeus, señor.

DORINA: - Perdedes a cabeza, os dous co malhumor,
e se é que vos deixei tan longo disputar
foi só para saber onde habiades chegar.
Vamos, señor Valerio!

(Dorina vaino coller polo brazo para paralo e el amosa gran resistencia)

VALERIO: -Que me queres, Dorina?

DORINA: -Vide aquí.

VALERIO: -Non vou, non, que a ira me domina.
Cala e non me desvíes de todo o que ela quixo.

DORINA: -Parade.

VALERIO: -Non, entende: está resolto e fixo.

DORINA: -Ah!

MARIANA: -Sofre ao me ver, se estou presente foxe:
é mellor que eu me vaia de ante del desde hoxe.

DORINA : *(Deixa a Valerio e corre onde Mariana)*

-A outra. Onde ides?

MARIANA: -Deixa.

DORINA: -Cómpre volver!

MARIANA: -Non, non, miña Dorina, non me podes reter.

VALERIO: -Vexo que terme diante para ela é un suplicio:
Sen dúbida que eu marche vaille traer beneficio.

DORINA: *(Deixa a Mariana e corre onde Valerio)*

-Outro tal? O diantre a volos dous vos leve!
Deixade a trapallada e vide no máis breve.

(Turra dun e mais doutra)

VALERIO: -Que propósito tes?

MARIANA: -Dime: cal é o teu plan?

DORINA: -Amigarvos de novo, que baixedes ao chan.
Seica vós toleastes ao falardes así?

VALERIO: -E ti non escoitaches o que ela de min di?

DORINA: -Seica vós toleastes ao falardes ao chou?

MARIANA: -E ti non viches nada de como el me tratou?

DORINA: -Sodes parvos de a feito, poreivos ese alcuño.
Ela só pensa en vós, podo eu dar testemuño
e el só a vós vos quere, só de vós está ansioso:
os dous queredes ser esposa e máis esposo.

MARIANA: -Por que me deu, entón, consello semellante?

VALERIO: -Por que mo pediu ela nun asunto aldraxante?

DORINA: -Os dous estades tolos. Veña acá a vosa man.
Vamos, vós.

VALERIO: *(Dándolle a man a Dorina)*

-Para que?

DORINA: -E a vosa... Aquí as están.

MARIANA *(Deulle tamén a man)*

- De que serve todo isto?

DORINA: -Meu Deus, diante de min!

Querédesvos ben máis do que esas bocas din.

VALERIO: -Non fagades as cousas ás tolas, con cegueira,
e mirade un pouquiño a xente sen xenreira.

(Mariana vira a ollada cara a Valerio e sorrille un pouquiño)

DORINA: -O par de namorados a min pampa me deixa.

VALERIO: - Seica non é fundada de vós a miña queixa?
E, falando verdade: non sodes enredosa
recreándovos así na trama dolorosa?

MARIANA: -E seica vós non sodes un simple monifate...?

DORINA: -Para dentro duns anos deixade ese debate,
pensemos en parar este odioso casoiro.

MARIANA: -Que podemos facer contra dese xuntoiro?

DORINA: -Imos ter que tocar todo tipo de fíos,
pois voso pai fai bulra dos nosos desafíos.
O que é vós, é mellor que a súa extravagancia
semelledes tomar con doce tolerancia,
para, en caso de alarma, resultarvos doado
adiar longamente o casamento odiado.
Cando se gaña tempo gáñase claridade.
Un día a vosa escusa será unha enfermidade
que chega de socato e esixe novos prazos,
outro un mal agoiro deixarávos sen azos:
a figura dun morto que se vos aparece,
un espello que rompe, un berro que esterrece.
A ningún outro ca el vos ían ofrecer
sen que un “si” de inmediato forades fornecer.
Temos que asegurarnos de que todo sae ben
e o asunto é moi difícil se é que xuntos vos ven.

(A Valerio)

Marchade! As amizades movede sen demora
para o prometido facer cumprir agora.
A señora da casa debemos pór de man
afondando tamén a acción do seu irmán.
Adeus.

VALERIO: *(A Mariana)*

-Por máis esforzos que deamos feito nós,
toda a miña esperanza reside ao cabo en vós.

MARIANA: *(A Valerio)*

-Non podo eu responder da vontade do pai,
mais que só de Valerio serei, xurado vai.

VALERIO: -Moito me confortades! Pode duro petar...

DORINA: -Ai! Nunca os namorados cansan de laretar!
Vamos! Fóra!

VALERIO: *(Dá un paso e volve atrás)*

-Pois eu...

DORINA: -Volve e desaqueloutra.

(Apuxando a cada un deles polo ombreiro)

-Vós ide desta banda, e vós, alá, desoutra.

ACTO TERCEIRO

Escena I

Damís, Dorina

DAMÍS: -Que o lóstrego caíndo remate o meu destino
e que todos me traten de ruín xenuíno
se é que hai forza no mundo capaz de me deter
impedindo que, rexo, eu poida arremeter!

DORINA: -Por favor, moderade esa vosa arroutada:
o voso pai falou e non fixo máis nada.
Non sempre se realiza o que un se propón
e é moi longo o camiño dende a simple intención.

DAMÍS: -Cómpre que eu de Tartufo axiña pare a trama
e que lle cante ao ouvido o que a verdade clama.

DORINA: -Ei, a modo! Con el e máis co voso pai
deixade as boas formas da que de nai vos fai.

Na mente de Tartufo ten algunha influencia,
pois ante ela se inclina e lle rende obediencia.
Empregando a dozura faríao amolecer.
Quixera Deus que fose o que ha acontecer!
En interese voso é preciso chamalo,
saber do casamento qué pensa, sondealo,
ler os seus sentimentos e advertilo tamén
de que un dano moi grande, que nada lle convén,
podería acadalo se ao proxecto se agarra.
O criado di que reza, mais igual niso marra
e baixa máis axiña do que esperabamos.
Rógovos que marchedes! Esperarei eu, vamos!

DAMÍS: -Eu podo estar presente nesa conversación.

DORINA: -Non: teñen que estar sós.

DAMÍS: - Son todo discreción.

DORINA: -Vós? Ben vos coñecemos: non sabedes calar,
esa é a mellor maneira de un asunto estragar.
Ídevos!

DAMÍS: -Non, que eu quero ver o que se decide!

DORINA: -Sodes ben enredante! Velai ven xa! Bulide!

Escena II

Tartufo, Lourenzo, Dorina

TARTUFO: *(Ao ver a Dorina)*

-Gardádeme o flaxelo, Lourenzo, e o cilicio,
e rezádelle ao Ceo para o terdes propicio.
Se preguntan por min saín pra ver os presos,
repartir as esmolos e todos os ingresos.

DORINA: -Canta afectación e canta farfallada!

TARTUFO: -Que queredes?

DORINA: -Dicirvos...

TARTUFO: *(Tira un pano do peto)*

-Meu Deus, antes de nada,
rógovos que poñades este pano a tender.

DORINA: -O que?

TARTUFO: -Cubride o peito que eu non quixera ver.
Obxectos desa caste as nosas almas mancan
con malos pensamentos que a virtude atrancan.

DORINA: -Moi rápido caídes vós nesa tentación!
Prodúcevos a carne unha forte impresión!
De certo que non sei a calor que vos sobe,
mais a de cobizar, a min non me remove:
poderíavos ver en coiro, en pel viva,
sen que a min me tentase nada de embaixo a enriba.

TARTUFO: -Ponde nas vosas falas un pouco de decencia,
ou senón decontado obrigádesme á ausencia.

DORINA: -Non sodes vós, son eu quen vos deixo tranquilo;
son só dúas palabras e non tardo en dicilo:
a señora vai vir aquí a esta salina
e vos pide falar con ela unha cousiña.

TARTUFO: -Si, con moito pracer!

DORINA: *(Para si mesma)*
-Que mansiño se pon!
Vexo que o que afirmei non é equivocación.

TARTUFO: -E vai chegar axiña?

DORINA: -Paréceme que aí ven.
Si, é ela talmente. Voume, como convén.

Escena III

Elmira, Tartufo

TARTUFO: -Que o Ceo eternamente, coa súa inmensa bondade,
para a vosa alma e corpo teña benignidade
e ampare os vosos días coa súa luz mellor
desexa este seu máis humilde servidor.

ELMIRA: -Agradézovos moito tal desexo indulxente,

mais sentemos un pouco pra estar comodamente.

TARTUFO: -Estades dese mal toda recuperada?

ELMIRA: -Estou, a miña forza atopo restaurada.

TARTUFO: -Os meus rezos non teñen o mérito preciso
pra acadaren do Ceo o valimento niso;
aínda así eu pedínlle sempre con insistencia
querendo obter de Deus plena convalecencia.

ELMIRA: -Sinto por tal razón producirvos desvelo.

TARTUFO: -Sempre a vosa saúde terá o meu maior celo.
E a miña eu daría por ela asemade.

ELMIRA: -Levades ata o extremo a cristiá caridade,
sonvos moi debedora da atención que me tedes

TARTUFO: - Eu fago moito menos do que vós merecedes.

ELMIRA: -Quixen falar convosco en segredo un asunto,
non quero que ninguén coñeza o que eu pregunto.

TARTUFO: -Estouvos moi contento, encantado, señora,
de me atopar convosco os dous sós arestora:
ao Ceo tal encontro moito levo pedido
sen que ate o presente me fose concedido.

ELMIRA: -Quero que non teñades ningunha cerrazón,
mostrándome a verdade do voso corazón.

TARTUFO: -E que máis quero eu que, ao favor singular,
a miña alma enteira poder aquí amosar?
Xurar que o que afirmei contra dos visitantes,
que ante a vosa beleza se renden expectantes,
non o dixen levado por ningunha xenreira
senón polo ciúme que me queima en fogueira.
Levoume a miña ardencia...

ELMIRA: -Así o penso eu tamén,
e creo que buscades nada máis o meu ben.

TARTUFO: *(Apértalle a punta dos dedos)*

-Si, señora, de certo, e é tal o meu desvelo...

ELMIRA: -Apertades de máis!

TARTUFO: -É un exceso de celo.
Non quería mancarvos, non son ningún brután,
pola contra quixera...

(Ponlle a man no xeonllo)

ELMIRA: -Que fai aí esa man?

TARTUFO: - Comprobar o bo pano: a saia é moi sedosa.

ELMIRA: -Parade, por favor, que me poño nerviosa.

(Elmira fai recuar a súa cadeira e Tartufo achega a súa)

TARTUFO: -Deus, que ben foi tecido! Labor maravilloso!
Hoxe fanse traballos de tacto milagroso!
Nunca en cousa ningunha se logrou tan bo punto!

ELMIRA: -Seguro, mais falemos mellor do noso asunto.
Sentín que o meu marido vai faltar á promesa
casando a súa filla convosco. Que é o que hai desa?

TARTUFO: -Faloume algunha cousa, mais, señora, en verdade,
non me daría a min iso a felicidade.
Vexo noutro lugar o excelso atractivo
da dita que faría o meu gozo efectivo.

ELMIRA: -Pra vós o terrenal é velenosa edra.

TARTUFO: -O meu corpo non cobre un corazón de pedra.

ELMIRA: -Penso que cara ao Ceo tende a vosa arela
e nada mundanal vos dá afastado dela.

TARTUFO: -O amor que nos vencella coa eterna beleza
non afoga o que temos pola da natureza:
Así os nosos sentidos poden ser encantados
por seres tan perfectos polo Ceo formados.
O reflexo celeste no feminino brilla
mais en vós resplandece con total maravilla.
No voso rostro aquel espallou tal beldade
que os corazóns e os ollos transportan a vontade,
e non vos puiden ver, perfecta criatura,
sen admirar en vós o autor da natura,
por un ardente amor sentíndome acadado
co retrato máis feito por el mesmo pintado.
De primeiras temín que o meu ardor secreto

fose obra do Maligno para chantarme o espeto,
e renunciei daquela eu á vosa visión
por crervos un atranco á miña salvación.
Coñecín finalmente, beldade tan amábel,
que esta miña paixón non é cousa culpábel
e pode conciliarse moi ben co meu pudor,
e do meu corazón mostreivos o fervor.
Confeso que isto é ter gran atrevemento:
pór o meu corazón ao voso ofrecemento.
Mais todo agardo eu da vosa alta bondade
e nada da valía da miña pouquidade.
En vós teño a esperanza, a dita e a quietude:
darédesme a condena ao ben a beatitude.
Dependo da sentenza que vós pra min dictedes:
feliz ou desgrazado serei, como xulguedes.

ELMIRA: -É unha declaración galante e compracente,
mais resulta tamén abondo sorprendente.
Penso que deberiades gardar o corazón
e ese voso sentir sometelo á razón.
Un devoto cal vós que na oración consome...

TARTUFO: -Por eu ser un devoto non deixo de ser home;
e diante desta vosa celestial fermosura
réndese o corazón e a razón non procura.
Ben sei que este discurso parece estraño en min,
mais, en suma, señora, non son un querubín.
E se vós condenades o afecto confesado,
debiades reprender o voso meigo engado.
Dende que eu vin fulxir esa luz máis que humana,
vós do meu interior fostes a soberana;
deses ollos divinos o inefábel candor
fixo o meu corazón tornarse en amador:
vós vencéstelo todo, bágoas, xexún e rezos,
inclinando en favor voso os meus devezos.
Con olladas e laios expreseino mil veces
e agora, ante as palabras, non existen xordeces.
Se consolarme admite a vosa gran bondade,
dignándose rozarse coa miña nulidade,
por sempre vos terei, oh sutil maravilla!,
eterna devoción sen ningunha partilla.
A vosa honra connigo non vai correr ao azar,
e por ningún perigo se verá ameazar.
O cortesán garrido que a muller volve tola
ama a notoriedade e vive na parola,
das vitorias obtidas sempre anda a presumir
e non gaña favores sen facelos ouvir;
a súa lingua indiscreta tolle así a confianza
daquelas que pousaran nel a súa boandanza.

Os seres coma nós arden discretamente,
mantendo así o segredo de xeito permanente.

ELMIRA: -Escóitovos falar e esa vosa oratoria
debuxa en grosos trazos para min esa historia.
Non temedes acaso ver o meu malhumor
contarlle ao meu marido ese galante ardor,
e que o raudo relato dun amor imprudente
non altere a amizade que por vós hoxe sente?

TARTUFO: -Sei moi ben que vós tedes grande benignidade
e que ides perdoar esta temeridade,
que habedes entender como humana febleza
os violentos abalos dun amor que tropeza,
desculpando por iso que, ao ser de carne e oso,
sucumba eu na visión de porte tan donoso.

ELMIRA: -Outras verían isto doutro xeito, se cadra,
mais eu, por discreción, non vou dicir palabra.
Non lle contarei nada do asunto ao meu esposo,
pola contra o que quero é un compromiso voso:
apurardes sen trampa e ningunha desgana
a unión de Valerio coa súa fiel Mariana,
renunciardes tamén a ese inxusto poder
que, rico en bens alleos, estades aquí a obter,
e...

Escena IV

Damís, Elmira, Tartufo

DAMÍS: *(Saíndo do cuartíño onde se retirara)*
-... Non, señora, non: isto cómpre espallalo.
No cuartíño do lado puiden eu escoitalo;
a bondade do Ceo seica me conducíu
pra confundir o orgullo do traidor que surxíu;
pra me abrir o camiño de tomar a vinganza
da súa hipocresía e a súa intemperanza,
de que meu pai comprobe, diante deste labor,
a alma dun bandido que vos fala de amor.

ELMIRA: -Non, Damís, é dabondo, con que el demostre siso
e queira merecer ese meu compromiso.
Se eu fixen a promesa, non desautoricedes,
o meu modo é gardar todo entre estas paredes:
a muller non dá creto nunca á ridiculeza
e ao marido non corre pra quentarlle a cabeza.

DAMÍS: -Asístenvos razóns pra actuarades así,
igual que pra o contrario me asisten a min, si
Deixalo sen castigo sería tolería:
o insolente arruallo da súa beatería
sempre foi vitorioso sobre a xusta carraxe
e acreceu a xenreira deste ruín personaxe.
O falsario a capricho manexou a meu pai,
e a Valerio e a min o noso amor desfai.
Cómpre, pois, que Tartufo sexa desmascarado,
e o Ceo aquí me ofrece un medio moi doado.
Desta boa ocasión eu son o debedor
e non podo arredarme ante este gran favor.
Merecería ben que aquel ma tirase
se, téndoa na man, eu non a aproveitase.

ELMIRA: -Damís...

DAMÍS: -Non, volo rogo, non podo quedar quieto,
a miña alma está agora no seu cénit completo,
e as vosas palabras non me van obrigar
a esquecer o pracer de poderme vingar.
Sen darlle xa máis voltas vou rematar o asunto;
Este é xusto o momento: o meu pai chega a punto.

Escena V

Orgón, Damís, Tartufo, Elmira

DAMÍS: -Imos agasallar, meu pai, a vosa entrada
cunha nova recente e ben inesperada:
pagan cumpridamente os vosos agarimos,
o señor non se couda, devolve os vosos mimos;
o aprezo que vos ten ven el de demostrar,
chegando, se é preciso, mesmo a vos deshorrar;
así o sorprendín declarando á señora
a paixón aldraxante que ela enteira deplora.
A dama é compasiva, de carácter discreto
e prefire gardar este asunto secreto,
mais non podo eu calar tan grande atrevemento
sen vos notificar ese comportamento.

ELMIRA: -Insisto en que xamais por futil atafego
debemos ao marido turbar no seu sosego,
que o honor, das miudezas non pode depender
e abonda con que a esposa se saiba defender.
Damís debeu calar, sendo máis circunspecto,
gardándome así a min o debido respecto.

Escena VI

Orgón, Damís, Tartufo

ORGÓN: -O que acabo de ouvir, oh, Ceo! Pódese crer?

TARTUFO: -Pode, irmán, son un ruín, un pecadento ser, culpábel, traizoeiro, noxento e mais brutal, entre todos os homes o maior criminal. A miña vida enteira é unha mouroa carraña, un monte de delitos que o esterco podre baña, e ben vexo que o Ceo, indignado comigo, mandou dende o máis alto este exemplar castigo. Do máis grande delito que acusarme puidesen non ousaría eu pedir que me absolvesen. Crede, pois, o que din, aguilloade a carraxe e expulsade de aquí a miña suxa imaxe. Nunca me han imputar suficiente vergoña pois merezo ben máis que canta se me apoña.

ORGÓN: *(ao seu fillo)*

-Traidor! Aínda te atreves, con esa falsidade, a intentar embazar a súa castidade?

DAMÍS: -Que? O arremedo falaz do camándula este vaivos facer negar...?

ORGÓN: -...Calarás, negra peste?

TARTUFO: -Deixádeo falar! Cesade de acusalo! O que el di, para vós é mellor estimalo! Por que dar-me a razón sen coñecer-me apenas, esquecendo que un día podo causarvos penas? Non vos fiedes, irmán, polo meu exterior porque ás veces por dentro un é moito peor. Na vida non vos guíe só a simple aparencia, eu non son, como credes, ningunha excelencia. Todo o mundo me ten por persoa honesta e o certo é que non vallo mesmamente unha aresta.

(Dirixíndose a Damís)

-Si, meu fillo, falade, chamádeme asasino, ladrón, pérfido, infame, perdido e viperino. Cángádeme con nomes viles e aborrecidos:

non vos levo eu a contra, todos son merecidos
e quero de xeonllos sufrir esa vergoña
que a unha vida de crimes xusta deshonra poña.

ORGÓN: *(a Tartufo)*

-Meu irmán, é de máis!

(ao seu fillo) O teu fel non se rende?

DAMÍS: -O que? O seu discurso sedúcevos e prende...

ORGÓN: -Cala, carne de forca!

(A Tartufo) Ergueivos, por favor!

(Ao seu fillo) Ruín!

DAMÍS: -Eu...

ORGÓN: -Cala xa!

DAMÍS: -Rabeo co furor!

ORGÓN: -Unha palabra máis e féndoche o espiñazo!

TARTUFO: -Meu irmán, Deus me valla, evitádelle o mazo.
Mellor quería eu sufrir pena moi dura
antes de que el tivese unha rabuñadura.

ORGÓN: *(Ao seu fillo)*

-Ingrato!

TARTUFO: -O perdón a xeonllos eu pido
para este voso fillo...

ORGÓN: *(A Tartufo)* -Tédesme conmovido.

(Ao seu fillo)

-Loubán, mira a bondade!

DAMÍS: -Eu...

ORGÓN: -Chiss!.

DAMÍS: -Vou...

ORGÓN: -Cala xa!

Eu sei por que a túa boca tanto ataque lle dá:
odiádelo. Hoxe vexo como lle ides á pel
muller, fillos, criados, doentes contra del.
Utilizades todo na vosa linguaraxe
pra botar desta casa tan santo personaxe.
Mais canto máis fagades vós para o expulsar,
máis farei eu ao tempo para o conservar,
e vou meterlle présa a darlle a miña filla
pois o voso panterlo, ese a min non me pilla.

DAMÍS: -Queredes pola forza imporlle a súa man?

ORGÓN: -Quero, si: esta tardiña, para amolarvos, lerchán.
A todos desafío e ben forte proclamo
que mando sobre vós e son aquí o amo.
Veña, bótate atrás decontado, trampón,
e déitate aos pés del pedíndolle perdón.

DAMÍS: -Quen, eu? Deste impostor que coa súa argallada...

ORGÓN: -Négaste, lampantín? Volves á aldraxada?
Un pau! Un pau axiña!

(A Tartufo)

Non me freedes agora

(ao seu fillo)

E ti da miña casa, para sempre vai fóra,
non volvas xa máis nunca aparecer aquí.

DAMÍS: -Ireime, mais eu digo...

ORGÓN: -Vaite, logo, vai, si.
Prívote, bandalleiro, da miña sucesión
e a maiores che apoño a miña maldición.

Escena VII

Orgón, Tartufo

ORGÓN: -Ofender dese xeito unha persoa santa!

TARTUFO:
(A Orgón) -Perdóalle, oh, Ceo, esta miña dor tanta!
Se derades sabido canto é o meu disgusto
ao ver como me poñen ante vós, home xusto...

ORGÓN: -Ai,! Ai!

TARTUFO: -Co simple pensamento desa ingratidade
a miña alma padece en grande magnitude...
O horror xa me invade... aperta o corazón,
sen fala penso: "A Morte vai facer irrupción".

ORGÓN: *(Corre vertendo bágoas á porta pola que botou ao seu fillo)*

-Lambón! Sinto que a man antes non te tocara
sen meterche a malleira que a túa boca gañara!
Repoñeivos, irmán, vencede no combate.

TARTUFO: -Rompamos o sentido deste agre debate:
vexo que aquí provoco loitas de toda laia
e coido, meu irmán, que cómpre que me vaia.

ORGÓN: -Bulrádesvos de min?

TARTUFO: -Ódianme, ben se ve
e lánzanvos sospeitas tocante á miña fe.

ORGÓN: -Si, e o meu corazón escóitaas acaso?

TARTUFO: -Non, mais han redobrar, e pode darse o caso
de que esas faladuras que agora rexeitades,
chegado outro momento totalmente creades.

ORGÓN: -Endexamáis, irmán!

TARTUFO: -Ai, irmán, as mulleres
trasviran os maridos e fan os seus quereres.

ORGÓN: -Non, non.

TARTUFO: -Evitaría, índome desta casa,
que eles sigan arreo de min facendo brasa,

ORGÓN: -Quedades, xa está dito, no asunto vaime a vida.

TARTUFO: -Sacríficome, logo, ante a vosa medida,
mais eu preferiría...

ORGÓN: -Ei!

TARTUFO: -De acordo, aceptado,
mais ben sei como o tema debe ser gobernado.
O honor é delicado e a amizade me obriga

a esquivar a rexouba e o motivo da briga:
cabo da vosa esposa non me habedes máis ver...

- ORGÓN: -Non, con ela máis ca antes ides aparecer,
a todos, con ledicia, hei dar unha rabexa:
que aos dous a toda hora xuntiños se vos vexa.
Aínda aquí non remato: para maior desafío
a vós, único herdeiro, todo o meu ben confío.
Voume decontadiño en debida maneira
facervos transmisión desa facenda enteira.
Por xenro un leal amigo teño agora eu a rentes,
quérolle máis que a fillos, muller e mais parentes.
Non ides aceptar o que estou a propor?
- TARTUFO: -Que a vontade do Ceo se cumpra ao seu dispor!
- ORGÓN -Pobriño! Vou correndo mandar facer o escrito
pra matar a cobiza e o seu gran apetito.

ACTO CUARTO

Escena I

Cleanto, Tartufo

- CLEANTO: -Crédeme, todo o mundo fala xa desta historia
e podo aseguravos que non á vosa gloria.
Atópovos, señor, moi oportunamente
e aproveito a dicirvos como vexo o incidente.
Non entrarei a fondo nin con todo rigor
senón que partirei do suposto peor.
Poñamos, xa que logo, que Damís obrou mal
culpándovos en falso dun delito irreal:
non debe un bo cristián perdoar esa ofensa
sen pensar na vinganza por modo de defensa?
Ides xustificar, nesa vosa liorta,
que un pai, da súa casa a un fillo peche a porta?
Falo sinxelamente e con toda franqueza:
non hai quen de Damís ben non se compadeza.
Facede caso a todos, buscade logo a paz,
procurade a harmonía entre o pai e o rapaz
Sacrificade así a Deus a vosa ira
sen levardes ao extremo o que a dor vos inspira.
- TARTUFO: -Tal querría eu, coa mellor intención,

pois non sinto por el ningunha irritación.
Perdóolle o que fixo, estou en plena calma,
querería servilo con toda a miña alma.
Mais o interés do Ceo non mo deixa admitir
e se el volve aquí dentro terei eu que saír.
Despois da inicua acción que ven de realizar
todo o mundo se había moito escandalizar
criticándome a min con descoñecemento
dicindo que o contemplo por puro finximento.
Pensarían que é proba de culpabilidade
o que eu o atendese con amabilidade,
que quero enguedellalo pra mellor o obrigar
a estar todo calado e o meu mando aturar.

CLEANTO: -Pintádesnos, señor, escusa moi bonita
mais non son argumentos dos que a razón nos dita.
Quen vos encarga a vós dos asuntos do Ceo?
Nin de min nin de vós precisa este, eu creo.
Deixade que el decida se procede o castigo,
practicando vós sempre o perdón do inimigo,
non lle deades cabida ás miserias humanas
ao seguirdes do Ceo as ordes soberanas.
O pequeno reparo do que poidan pensar
vai unha boa acción arredar e anular?
Non, non, fagamos sempre o que o Ceo dispón,
sen mesturarmos nunca todo o que descompón.

TARTUFO: -Dixen xa, meu señor, que o meu peito o perdoa,
obedezo así ao Ceo con disposición boa,
mais despois do de hoxe, desta afronta tan cruel,
o Ceo non me ordena que aquí viva con el.

CLEANTO: -E seica el vos ordena, señor, de abrir a orella
a ese absurdo capricho que ao seu pai aconsella
aceptando o legado que este vos fai dun ben
que nunca deberiades aceptar vós porén?

TARTUFO: -Os que a min me coñecen non se han facer a idea
de que é a cobiza o que a min me esporea
pois dos bens deste mundo non sinto o atractivo:
sen deixarme cegar por eles feliz vivo.
Se acepto recibir o legado do pai,
ese don xeneroso que el agora me fai,
é, falando a verdade, tan só porque eu temo
que outramente aquel vaia parar ás mans do demo,
que a xente á que lle chegue o utilice pra mal
facendo neste mundo un uso criminal
e non o empregue, logo, como teño eu vontade,

na louvanza do Ceo e en facer caridade.

CLEANTO: -Non teñades, señor, temor tan delicado se por legal herdeiro o herdo é reclamado, sufride sen metervos que o seu uso el decida pois non lle tedes vós que gobernar a vida. Sempre é moito mellor que el o seu malbarate a que a vós vos acusen de roubar con dislate. Admírame, samente, que vós sen turbación teñades aceptado esa proposición. Dídime xa, logo, onde se atopa a norma que autoriza a roubar un herdo desa forma. E supondo que o Ceo sobre vós dispuxese que xunto con Damís morar non se puidese: non sería mellor que, cal home correcto, partírades de aquí mostrando o voso afecto? Mellor que consentirdes, contra toda visión que do fillo da casa se faga a expulsión? Dade proba, señor, de bondade arestora, e facede...

TARTUFO: -Señor, é xusto a hora de facer un deber relixioso alá enriba, escusade que a miña ausencia este prescriba.

Escena II

Elmira, Mariana, Dorina e Cleanto

DORINA: -Por favor, axudade a salvármola a ela. Señor, a súa alma sofre dor que flaxela: a decisión que o pai tomou pra este serán fai que a todo momento ela chore a doután. El vai chegar agora, unámonos no empeño tratando de frustrar, por forza ou por enxeño, o malfadado invento que é tan descomedido

Escena III

Orgón, Elmira, Mariana, Cleanto e Dorina

ORGÓN: -Ei! Fólgome de ver o grupo reunido.

(A Mariana) Tráiovos o contrato pra que riades ben, xa sabedes que pon e o que nel se contén.

MARIANA: *(de xeonllos)*

-Meu pai, apelo ao Ceo, que sabe a miña dor,
e a todo o que puidese volvervos receptor:
suavizade un pouquiño o poder da nacemento
dispensándome á fin desa vosa esixencia!
Non me afoguedes, logo, con esa dura lei,
sen ter eu que pregarlle ao Ceo e ao seu Rei.
Esta vida, pai meu, déstesme con amor,
non a tornedes triste con extremo rigor.
Se contra o doce anxeio que eu me puiden formar
prohibides que me una a quen me atrevo a amar,
deixade, cando menos, con bondade que imploro,
que me afaste daquel que provoca o meu choro.
Non fagades que un día, toda desesperada,
me venza a sen-razón por vós así causada

ORGÓN: *(Sentíndose ceder)*

-Resiste, corazón, vence a humana febleza!

MARIANA: -Nada me importa a min ter a vosa riqueza,
podedes darlla toda, e se non chega, a miña
de bo grado lla dou e cédolla todaíña.
Mais non estipuledes sobre a miña persoa
pois sei que para ela a soa cousa boa
será que nun convento viva en austeridade
a existencia máis dura que o Ceo lle traslade.

ORGÓN: -Vela aí, xustamente, surxir a relixiosa
cando seu pai combate a súa chama amorosa.
De pé! Que canto máis vos coste o aceptalo
máis mérito terá o feito de aturalo.
Mortificaivos ben con ese casamento
sen me causardes xa un maior descontento.

DORINA: -O que...?

ORGÓN: -Calade, vós. Falai das vosas cousas,
no entanto vos ordeno: calada como as lousas!

CLEANTO: -Se arestora un consello me permitides dar...

ORGÓN: -Meu irmán, sempre dades vós consellos sen par,
con gusto eu os escoito e sígoos con ben,
mais no asunto entendede que os ignore, porén.

ELMIRA: *(ao seu marido)*

-En vendo o que estou vendo non sei o que vos diga:
ou é qu estades cego ou non entendo miga,
estades encantado ou a razón vos foxe
pra negardes así o que aconteceu hoxe.

ORGÓN: -Son voso servidor e creo na aparencia,
ben sei que a ese meu fillo lle dades preferencia,
non quixestes, daquela, vós desautorizalo
do que argallou, arteiro, e quixestes salvalo.
Estabades tranquila de máis pra serdes crida:
se a cousa fose certa estariades ferida.

ELMIRA: -A simple confesión de amoroso transporte
ten que ser recibida como unha ofensa forte?
Só podes responder a todo o que aquel toca
co lume nos teus ollos e a carraxe na boca?
Eu de tales palabras ríome simplemente
e coido que facelo é o máis intelixente.
É mellor actuar con dozura e con tino
sen caír no beateiro e excesivo arretino
que arma a súa honra con uñas e con dentes
para, por nimiedades, chantar na cara ás xentes.
O Ceo me dispense dunha prudencia tal
que pra o único que serve é pra avivar o mal!
Penso que rexeitando con discreta finura
esa miña repulsa non se fai menos dura.

ORGÓN: -Entendín ben o asunto e en nada me desvío.

ELMIRA: -Sigo toda asombrada con tan gran desvarío,
mais: que respondería esa incredulidade
se cos ollos virades que o que digo é verdade?

ORGÓN: -Ver?

ELMIRA: -Si.

ORGÓN: -Contos.

ELMIRA: -O que? Se atopase eu o xeito
de que virades vós como é certo de a feito?

ORGÓN: -Trapalladas!

ELMIRA: -Que home! Por que non respondedes?
Eu non digo que agora cega fe nos prestedes:
supoñede que aquí, dende un lugar seguro,
puidésedes vós ver e ouvir o que aventuro.

Que diríades entón desa figura honrada?

ORGÓN: -Pois diría...diría...Pois non diría nada porque non pode ser.

ELMIRA: -Dura de máis o erro de afirmardes que minto, de porme á boca un ferro. Cómpre que pra probalo, e sen maior demora, sexades testemuña da conduta traidora.

ORGÓN: -Moi ben, collo a palabra. Verei se saídes desa e se dades cumprido tan difícil promesa.

ELMIRA: Dícidelle que veña.

DORINA: -É un home moi ladino, vaivos ser moi difícil vencer un ser tan fino.

ELMIRA: -Un déixase enganar por aquilo que ama e o amor propio a nós mesmos ante todo proclama. Dícidelle que baixe.

(A Cleanto e a Mariana) -E agora vós saíde.

Escena IV *Elmira e Orgón*

ELMIRA: -Achegade esa mesa. Debaixo dela vide.

ORGÓN: -Como?

ELMIRA: -Que non vos vexan, por siso, é necesario.

ORGÓN: -Por que baixo da mesa?

ELMIRA: -Non sexades contrario: eu ben sei o que fago, debédelo facer e así dende ese agocho ídelo poder ver. Coidai que el non vos vexa nin tampouco vos oia.

ORGÓN: -Fareino inda que a min o facelo me doia para porlle remate e o asunto deixar claro

ELMIRA: -Ides vós comprobar sen pór ningún reparo.

(Ao seu marido, qu está debaixo da mesa)

Voume ter que adentrar nun terreo molesto,
non hei porén pasar o límite do honesto.
Sen escandalizarvos escoitade o que digo
pois só o de convencervos é o fin que persigo.
Usando moito mel, xa que el é tan runfante,
voulle tirar a máscara a ese enteiro argallante
aloumiñando o seu desexo desmedido
e dando paso libre ao seu tolo proído.
Como só para vós, e pra ben confundilo,
vou eu o seu amor finxindo consentilo,
cando así decidades, por terdes proba abondo,
de parar todo no acto ante vós eu respondo.
Vós habedes deter tan insensato ardor
cando consideredes que é o momento mellor,
non expoñendo a honra desta vosa muller
máis do que é necesario para vos convencer.
É o voso interese, seredes vós o amo.
Velaí ven... Escondeivos... Veredes o derramo.

Escena V

Tartufo, Elmira, Orgón

- TARTUFO: -Dixéronme que baixe convosco a este lugar.
- ELMIRA: -Si, que teño segredos para vos revelar.
Mais non quero que escoiten, pechade ben a porta
e mirade arredor pois é cousa que importa,
non nos vaia ocorrer a sorpresa de antes
e poidan complicarnos persoas enredantes.
Nunca teño sentido un sobresalto tal
pois Amís provocoume un pánico cervical.
Puidestes reparar no meu profundo empeño
en mudar a súa idea, tirar do lume o leño.
A enorme turbación, é ben certo, venceume
e desmentir o feito moi axiña esqueceume.
Mais por graza do Ceo o asunto foi a ben
e arestora se atopa no punto que convén.
A estima que vos teñen arredou a porfía
e o meu marido en vós totalmente confía.
Para contradicir linguas murmuradoras
quere a nós os dous xuntos ternos a todas horas.
Por iso podo eu, sen me ver criticada
estar aquí convosco a soas encerrada,
o que me autoriza a facer confidencia
do que é o meu sentimento tocante á vosa ardencia.

- TARTUFO: -Resúltame difícil comprender estas falas, señora, cando hai pouco, evitabades dalas.
- ELMIRA: -Se vos encarraxades por tal rexeitamento é que non entendedes o feminino alento e o que o seu corazón de certo quer dicir cando con pouca forza dá en contradicir. Sempre o noso pudor nesa ocasión combate o tenro sentimento ante o que se debate. Por máis razón que atopen no amor que lles dirixen as mulleres, discretas, as suas falas corrixen. Primeiro negarano, mais logo ben se entende, polas mostras que dan, que o corazón se rende, que a boca por honor ao desexo se opón mais que tal negativa non é unha negación. Confesarvos eu isto é excesivo favor e é descoidar un pouco o debido pudor. Mais xa que volo dixen algo imprudentemente: en deter a Damís sería eu insistente se o voso querer non for do meu agrado? Seica tan longamente tería eu escoitado o voso corazón se me descontentase? Ou a miña conduta sería doutra clase? E cando por min mesma vos quixen eu forzar á renuncia da voda que viñan de anunciar que é o que a miña arela deixaba translucir senón o medo a vervos de xunto a min partir? A angustia de pensar que o meu corazón quedaría mancado roubándome outra o don.
- TARTUFO: -Dunha dozura inxente resúltame, señora, escoitar esas falas da boca que namora; nos meus sentidos todos sinto correr o mel e gorento así o néctar dun excelso pichel. O pracer de agradarvos éme guía suprema e ao meu corazón a obedecer aprema, mais este vos reclama aquí a liberdade de dubidar un pouco de tal felicidade. Pode ela ser somente un artificio honesto que trata de romper un casamento presto. Para vos responder con enteira franqueza: só das vosas palabras eu hei crer a certeza se dos vosos favores, por quen suspiro tanto, a proba adiantada me dades con encanto, deixando na miña alma a perene constancia do voso agarimo e da vosa fragancia.
- ELMIRA: *(tose para avisar ao seu marido)*

-Se o voso corazón tanto a min me apresura
podería esgotar toda esta dozura.
Mátome en achegar azucre e máis manteiga
e non considerades a acción abondo meiga.
Seica só acadaredes o buscado contento
gozando o meu favor en total cumprimento?

TARTUFO: Canto menos merece un un ben, menos o espera
e a desconfianza logo del se apodera.
Mellor que agardar un porvir deleitoso
prefire un catar o adianto gustoso.
Eu, que en nada merezo esta vosa bondade,
receo de actuar con ruín temeridade
e por ese motivo, señora, vos reclamo
realidades que proben que dades o que eu amo.

ELMIRA: -Meu Deus, o voso amor obra como un tirano
que pon sobre os meus ollos un entupido pano!
Cunha fera violencia esixe que se vexa
cumprido de inmediato aquilo que desexa!
Que? Da vosa procura non imos descansar
sen termos mesmo tempo pra poder respirar?
Acaso é ben manter ese extremo rigor
impondo a súa lei todo ao seu arredor?
Seica é ben abusar da gran debilidade
que teñen cara a vós xentes de urbanidade?

TARTUFO: -E se a miña homenaxe mirades con bo ollo:
como lle refugades a dar probas de acollo?

ELMIRA: -E como consentir o que vos desexades
sen ofender o Ceo, do que tanto falades?

TARTUFO: -Se é somente o Ceo o que din que se opón
arredar eu o atranco pouco esforzo supón:
o voso corazón pode sentirse quedo.

ELMIRA: -Mais coas ordes divinas métennos tanto medo!

TARTUFO: -Eu ben sei disipar ese parvo receo
de temer en exceso o escrúpulo do Ceo.
É certo que el prohíbe algún contentamento
(é un criminoso o que fala)
mais pódese chegar a un acomodamento.
Para a necesidade exístevos a ciencia
de saber estender as marxes da conciencia
e de rectificar o malo dunha acción
tendo en conta a pureza da nosa intención.
Neses segredos eu instruireivos, señora,

só tedes que deixarvos levar en receptora.
Contentade o que pido, perdede o medo en fin,
respóndovos de todo e cargo o mal en min.
Moito tosedes hoxe.

ELMIRA: -Si, teño cargación.

TARTUFO : Queredes caramelo con sabor de limón?

ELMIRA: -É un catarro moi forte, tédeo por seguro
e ningún preparado vai acabar co apuro.

TARTUFO: -É unha cousa molesta.

ELMIRA: -Ben máis do que parece.

TARTUFO: -Con isto que vos digo o escrúpulo amolece:
canto a min, vós contades co segredo total
e, como non se exhibe, non existe ese mal.
O escándalo da xente é o que lle dá aparencia:
non existe o pecado cando ben se silencia.

ELMIRA: *(Despois de toser un pouco máis)*

-Vexo, en fin, que é preciso resolverse a ceder
e cómpre que consinta en vos satisfacer
porque por menos diso non logro a pretensión
de acadar o contento e a plena adhesión.
Sen dúbida é vergoña termos chegado aquí
e é moi contra-vontade que eu me atopo así,
mais dado que se obstinan a isto me reducir
sen facer ningún caso do que puiden dicir
e esixen testemuño moito máis convincente,
teño que decidirme a contentar a xente.
Se este consentimento provoca algunha ofensa,
peor pra quen me forza a obrar tan indefensa:
a culpa, claramente, non será nunca miña.

TARTUFO: -É ben certo, señora, asúmoa todaíña.

ELMIEA: -Abride un pouco a porta e mirai, por favor,
se o meu marido está por aí, no arredor.

TARTUFO: -Por el tomades vós moito desasosego
cando é só un monicreque ao que fago andar cego;
todo o que lle eu digo repite toleirán:
fago que sen ver nada poña no lume a man.

ELMIRA: -Tanto tén, vós saíde e mirade un momento,

cacheade ben todo con encarecemento.

Escena VI

Orgón e Elmira

ORGÓN: *(saíndo de debaixo da mesa)*

-Teño que confesar que é o máis ruín home!
Non paro de asombrarme e o furor me carcome!

ELMIRA: -Saídes tan axiña? Vós rídesvos da xente!
Volvede ao voso agocho inmediatamente.
Agardade ao final pra a cousa ser segura,
non vos deixar levar por simple conxectura

ORGÓN: -Non! Nada máis malvado ten saído do inferno!

ELMIRA: -Non sexades lixeiro, vállame o Padre Eterno!
Convencédevos ben antes de vos lanzar,
non sexa que despois cumpra trasacordar.

(Fai que o seu marido se poña detrás dela)

Escena VII

Tartufo, Elmira, Orgón,

TARTUFO: -Todo vai pra o meu ben neses cuartos de fóra;
veño de inspeccionalos con atención, señora,
e non hai ningún neles, a miña alma encantada...

ORGÓN: -A modo! A esa paixón tola e desatinada
cumpría porlle freo sen deixarse levar,
mais o de home de ben era só un remedar.
Vivir na perversión era a vosa atroz mira
casando con Mariana e seducindo a Elmira!
Estiven dubidando eu moito ante o que vía
esperando que axiña mudase a melodía,
agora non preciso presenciar nada máis:
teño probas abondo de ofensas desleais.

ELMIRA: *(A Tartufo)*
 -Foi moi a contragusto que eu debín facer isto
 mais o asunto pasou dos límites, insisto.

TARTUFO: -Non iredes vos crer....?

ORGÓN: -Sen ruido, por favor.
 marchade desta casa canto antes mellor.

TARTUFO: -Quixera...

ORGÓN: -Eses discursos son palabra baleira,
 dígovos que marchedes. E a toda carreira!

TARTUFO: -Seredes vós quen saia, que vos credes o amo,
 pois esta casa é miña, aseguro e proclamo.
 Non podedes vós nada ante o meu documento
 e calquera denuncia ha ser un nulo intento.
 Non sodes quen parece, e agora a vosa inxuria
 poderei castigar pisando a vosa furia.
 Vingarei así ao Ceo, que ofenden gravemente
 os que da miña casa me botan sen patente.

Escena VIII

Elmira, Orgón

ELMIRA: -A que ven esa fala? Que é o que quere el dicir?

ORGÓN: -Estou todo confuso, pois non é para rir.

ELMIRA: -Como é?

ORGÓN: -Vexo o meu erro nas cousas que el me di:
 a miña doazón revíraseme así.

ELMIRA: -Doazón?

ORGÓN: -Si, mais xa ese asunto está feito;
 maior preocupación teño agora no peito.

ELMIRA: -O que?

ORGÓN: -Xa o saberedes. Preciso ver axiña
 se está ben a cuberto unha certa caixiña.

ACTO QUINTO

Escena I

Orgón, Cleanto

- CLEANTO: -Onde ides á carreira?
- ORGÓN: -Que sei eu!
- CLEANTO: -Pois opino
que cómpre comezar por estudar moi fino
o que pode facerse na actual situación.
- ORGÓN: -A caixa da que falo é a miña obsesión:
máis que todo o restante ela me desespera!
- CLEANTO: -Que ten, logo, esa caixa sobre doutra calquera?
- ORGÓN: -Argás, un bon amigo, pediume que o axudase
e con total segredo uns papeis lle gardase.
Polo que me explicou denantes de fuxir
ten posta a confianza en min ao me elixir;
son documentos graves e periga a súa vida.
- CLEANTO: -E como noutras mans a deixastes perdida?
- ORGÓN: -Foi para consultar o caso de conciencia:
fun dereito ao traidor facerlle a confidencia
e o seu razoamento logroume convencer
de darlle esa caixiña para el a esconder.
Desta maneira eu, en caso de pesquisa,
tería así a resposta que me era precisa,
podendo xa xurar sen faltar á verdade
e ao tempo preservar toda a seguridade.
- CLEANTO: -Se os problemas que tedes complicados parecen,
doazón e segredo de a feito os escurecen.
Non foi da vosa parte obrar intelixente,
eu así volo digo pra falar francamente.
Podedes saír mal desta arriscada viaxe
pois este home parte con completa vantaxe;
forzalo pode crear un problema máis gordo,
mellor era buscardes algún tipo de acordo.
- ORGÓN: -Con el, que remedaba a devoción profunda
cando a súa alma estaba nunha lameira inmunda?

El, que non tiña nada e por min todo ten!
Nunca máis farei caso xa da xente de ben!
Vou manterme afastado dela ata o extremo,
ou mesmo tratareina peor que fai un demo.

CLEANTO: -Velaí que caídes nunha nova arroutada!
Nunca vos situades na zona temperada.
Na dereita razón cómpre inscribir a vosa
fuxindo dos excesos, que é cousa perigosa.
Como recoñecestes, fixestes un gran erro:
dun devoto finxido aceptastes o ferro,
mais nunca apoiaredes na razón ben pensante
que un erro vos corrixa outro máis importante,
e que o sentir dun xudas, dun pérfido ninguén,
poida ser confundido co da xente de ben.
O que? Porque un trampón mentiu con tal descaro,
finxíndose devoto sen ter ningún reparo,
ides vós pretender que non hai xente pía
e que todo o que reza para o engano se avía?
Deixade aos libertinos as parvas consecuencias,
distinguide a virtude das simples aparencias.
Non vos arriscar nunca precipitadamente
e buscade o terreo do medio permanente:
evitai a conduta de gabar a impostura
mais a fe verdadeira non tratedes de impura.
E se cómpre, ao final, situarse nun lado,
Poñeivos á par desta e non do falseado.

Escena II

Damís, Orgón, Cleanto

DAMÍS: -Seica é certo, meu pai, que un loubán vos ameaza?
Que a vosa gran largueza con insolencia embaza
esa súa cobiza que só desperta ira,
e que a vosa bondade contra de vós revira?

ORGÓN: -Si, fillo, é tanta a dor, que me oprime ata as cellas.

DAMÍS: -Deixai, logo, meu pai, que lle corte as orellas.
Ese seu arruallo témolo que rapar,
e así, dunha pancada, heivos eu liberar.
Para min, axudarvos supón o maior gozo.

CLEANTO: -Estades a falar como é propio nun mozo
mais cómpre resolver as cousas sen violencia.

Moderade os impulsos e tede paciencia
pois no tempo de hoxe rexe xa outro criterio.

Escena III

Señora Pernelle, Mariana, Elmira, Dorina, Damís, Orgón, Cleanto.

SEÑORA PERNEL: -Que foi o que me contan? Que tremendo misterio?

ORGÓN: -É unha novidade da que eu son testemuña:
aquel branco peño revelouse pezuña.
Acollín con dozura un pobre cirolán,
veu á casa e trateino cal se fose un irmán,
fíxenlle mil regalos e deille a filla miña,
colmeino de presentes, cedínlle canto tiña;
e, ao tempo, o moi infame, de maneira raposa,
tentaba seducir, arteiro, a miña esposa.
Non contento de abondo con tal ruín manobra
revirou contra min a miña boa obra
e pretende arestora utilizar a lei
daqueles documentos que eu, tolo, lle pasei
pra botarme da casa e deixarme sen nada,
igual que estaba el antes de ter bicada.

DORINA: -Pobriño!

SEÑORA PERNEL: - Non, meu fillo, xamais darei eu crido
que unha acción tan noxenta teña el cometido.

ORGÓN: - Como?

SEÑORA PERNEL: - A xente de ben sofre o acoso da envexa.

ORGÓN: -Miña nai, aclarade o que a frase carrega.

SEÑORA PERNEL: -Que nesta casa viven dunha estraña maneira
e contra de Tartufo teñen grande xenreira.

ORGÓN: -E a que ven a xenreira no feito que vos digo?

SEÑORA PERNEL: -Dixenvos dende neno -e firme niso sigo-
que este mundo a virtude combate e pon aceda:
morren os envexosos, mais a envexa aquí queda.

ORGÓN: -Que ten que ver a envexa co asunto que relato?

SEÑORA PERNEL: -Seguro que son lerias dalgún falabarato.

ORGÓN: -Díxenvos xa que vira toda a escena eu mesmo.

SEÑORA PERNEL -A xente avesa ten un peteiro mesquiño.

ORGÓN: -Podedes condenarme, mais eu vos aseguro que nunca teño visto un máis grave perxuro.

SEÑORA PERNEL: -As linguas afiadas sempre botan pezoña e telas de inimigas non é pra dar vergoña.

ORGÓN: -Falar así demostra algo torto o maxín.
Eu vino cos meus ollos, vino eu, ben o vin.
Queredes que o repita? Queredes outra vez?
Se desta non abonda repetireino dez.

SEÑORA PERNEL: -Meu Deus, as máis das veces a vista nos engana: non sempre cómpre crer todo o que dela emana.

ORGÓN: -Rabeo!

SEÑORA PERNEL: -A nosa mente a erro está suxeita e por veces o ben ela de mal sospeita.

ORGÓN: -Como un acto piadoso debo, logo, entender que el intente gozar sobre a miña muller?

SEÑORA PERNEL: -Para acusar a xente sen caír na inxustiza debiades agardar a...

ORGÓN: -A cousa xa alporiza!
Cal é, logo, a maneira de comprobar o feito?
Seica é esperar a que el, ben a xeito,
chante... Aínda faredes que diga unha burrada!

SEÑORA PERNEL: -Da pura castidade ten a alma el prendada, e non hai quen me faga entrar nesta cabeza as cousas que me contan de ruín natureza.

ORGÓN: -Prefiro estar calado, pois sodes miña nai, que senón a carraxe pola boca me sai!

DORINA: -A agulla desta vida xusta volta hoxe ten: vós non queriades crer e agora non vos cren.

CLEANTO: -Non perdamos o tempo en falas secundarias e tomemos axiña medidas necesarias.

As ameazas do tolo cómpre tomar en serio.

DAMÍS: -O que? A súa fachenda é algo máis ca un lero?

ELMIRA: -Penso que esa denuncia non nos ha ser molesta pois tanta ingratidade resulta manifesta.

CLEANTO: -Non vos fiedes nel, pois domina recursos pra vestir de razón os seus feros discursos. Mesmo sen argumentos, a forza dunha intriga estrambilica as cousas e na xente fustriga. Eu dígovos de volta: cos medios que el dispón acurralo á parede non é boa elección.

ORGÓN: -Certo, mais o arruallo que ten o traidor ese fixo que ao meu furor via libre eu lle dese.

CLEANTO: -De todo corazón quixera eu ver un pacto que evitase entre dous un moi grave contacto.

ELMIRA: -Se eu soubese que el dispuña desa arma tería máis coidado en como dar a alarma e...

ORGÓN -Que quere aquel home que á miña porta fita? Non é pra min momento de atender á visita.

Escena IV

Señor Leal, Señora Pernel. Orgón, Damís, Mariana, Dorina, Elmira, Cleanto.

SEÑOR LEAL: -Bo día, miña amiga, teño persoalmente que falar co señor.

DORINA: -Agora está con xente e dubido que poida recibir a ninguén.

SEÑOR LEAL: -Non vou importunalo con enredos, porén, e a encomenda que traio non lle ha ser molesta senón que, pola contra, seguro que lle presta.

DORINA: -E cal é o voso nome?

SEÑOR LEAL: -Non son máis ca un enviado polo señor Tartufo pra a loita dar pechado.

DORINA: (a Orgón)

-É un home que se achega de maneira afectuosa, ven do señor Tartufo mandado xunta vosa. Seica vos ha prestar.

CLEANTO: -Debedes recibilo e saber o que quere: cómprevos, logo, oílo.

ORGÓN: -Igual ven con vontade de o asunto arranxar: Cal é a disposición que eu debo de amosar?

CLEANTO: -Ningún resentimento terá que aparecer e se el propón acordo debédelo atender.

SEÑOR LEAL: -Saúde, meu señor! Deus vos garde de mal e vos encha de dita! O meu desexo é tal!

ORGÓN: -Ese comezo é grato, se cadra aínda podo atopar un arranxo chegando a un acomodo.

SEÑOR LEAL: -A vosa casa estimo, comigo sempre vai, que sempre servín ben ao voso señor pai.

ORGÓN: -Señor, pido desculpas: a vergoña me come pois non vos recoñezo nin lembro o voso nome.

SEÑOR LEAL: -O meu nome é Leal, alguacil do xulgado, cargo que hai moitos anos exerzo cobizado, mais o Ceo me ampare como fixo ata agora sen deixar que me dane o inimigo de fóra. Veño aquí, meu señor, ata a vosa morada pra traervos a orde, en lei notificada...

ORGÓN: -O que? Vides, logo, a...?

SEÑOR LEAL: -Controlade a emoción, pois trátase somente da vosa obrigaón de despexar a casa, vós e a vosa familia, deixándoa baleira para outra mobilia, sen perder un minuto, inmediatamente.

ORGÓN: -Marchar da miña casa?

SEÑOR LEAL: - Señor, sede obediente. A casa, ben sabedes, a vós xa non pertence, o bon señor Tartufo co seu título vence; das vosas propiedades el é dono e señor,

como di o documento do que eu son portador.
Está en forma legal, nada hai que obxectar.

DAMÍS: -Un máis grande descarro nunca vin asomar.

SEÑOR LEAL: -Non viñen a esta casa para ter con vós trato,
falo só co señor, que ten siso e recato
e cal home de ben ningún ferro o atiza
a opoñerese ao decreto que dita a Xustiza.

ORGÓN: -Eu...

SEÑOR LEAL -E dou fe, meu señor, pois veño en tabelión,
que por nada do mundo facedes rebelión
sufrindo con paciencia e sen ningún desmaio
que execute a sentenza que comigo aquí traio.

DAMÍS: -Sería ben mellor que no voso uniforme
descargarades xa a vosa maza enorme.

SEÑOR LEAL -Mandade ao voso fillo que cale ou se retire,
señor, para evitardes que este asunto non vire
contra vós nun proceso, nun caso xudicial.

DORINA: -Este señor Leal resultou desleal!

SEÑOR LEAL: -Pola xente de ben teño moito agarimo,
por iso eu presenteime pra vos servir de arrimo
evitando que outro alguacil ben máis duro
vos chantase a aguillada con interese escuro.
Só pra vos aliviar decidinme a facer
o que feito por outro peor había ser.

ORGÓN: -Mais seica aínda pode haber cousa peor
que botar da súa casa á xente?

SEÑOR LEAL: -Meu señor,
eu dareivos máis tempo, tedes ata mañá
pra cumprirdes a orde sen ter que vos ir xa.
Con só dez dos meus homes vou aquí pernoctar
mais vós ningún ruído habedes escoitar.
Cómpre que me deades, pois é cousa que importa,
antes de vos deitardes, as chaves da gran porta.
Descansaredes, logo, ben e en tranquilidade,
sen que ninguén perturbe a vosa dignidade.
Mais mañá, dende cedo, dende que o sol alenta,
baleiraredes todo, mesmo de ferramenta.
Coa axuda dos meus homes, que xa escollín moi fortes,
habedes decontado completar os transportes.

Non se pode, coido eu, ter maior indulxencia e polo mesmo espero eu da vosa prudencia que non vos opoñades ao que a miña función me obriga a realizar nesta vosa mansión.

ORGÓN: - Arestora contento sería quen de dar o pouco que me queda sen ter ningún pesar para poder chantar o mais grande trompazo no fociño piollento deste ruín trosmazo.

CLEANTO: -Non o empeoremos.

DAMÍS: -Unha tal desvergoña sublévame ao sentir aquel porco que roña.

DORINA: - Pois ao lombo tan gordo deste señor Leal unhas boas pancadas non lle virían mal.

SEÑOR LEAL: -Andade con coidado, que, senón, pode ser que eu mande dar castigo a falas de muller.

CLEANTO: -Rematemos o asunto, señor, xa foi abondo: dádenos ese escrito e liscai polo fondo.

SEÑOR LEAL: -Que o Ceo vos asista e dea boa guía!

ORGÓN: -Que o Ceo te confunda, a ti e a quen te envía!

Escena V

Orgón, Cleanto, Mariana, Elmira, Señora Pernel, Dorina, Damís.

ORGÓN: -Ben vedes, miña nai, como levo razón, non fai falta que explique máis da negra traizón: non diredes agora que a cousa non é certa.

SEÑORA PERNEL: -Deixoume apampada, estou coa boca aberta!

DORINA: -Queixádesvos en falso, en falso o criticades, e resaltan mellor as súas pías bondades pois el no amor dos outros a súa virtude some. Sabedor de que, a mal, o ter corrompe o home, por pura caridade quere vos despoxar da facenda que impide a vosa alma salvar.

ORGÓN: -Esta lercha ten sempre que falar por de máis.

CLEANTO: -Pensemos que medidas poden ser as cabais.

ELMIRA: -Poñer de manifesto o arruallo do ingrato
que deixa sen valor a forza do contrato;
así a deslealdade resultará evidente
e farálle perder todo apoio na xente.

Escena VI

Valerio, Orgón, Cleanto, Elmira, Mariana, etc.

VALERIO: -Moi gran preocupación traio pra vós comigo
mais síntome obrigado pois hai grave perigo.
Alguén con que me une amizade sincera,
e que sabe o que a vós o meu ser considera,
quebrantou para min, nun paso delicado,
o debido segredo dos asuntos de Estado
e acaba de avisar para que deseguida
vos faga de inmediato emprender a fuxida.
O falsario que tanto vos logrou enganar
soubo chegar ao rei para vos acusar
e pór nas súas mans, xunto aos dardos que tiña,
dun criminal do Reino a importante caixiña
que-dixo el- ocultastes, contra o voso deber,
agachando o traidor sen facelo prender.
Ignoro con detalle que crime vos apón
mais xa ven contra vosa a orde de prisión.
El propio está encargado, para mellor cumprila,
de acompañar aquí o garda-mór da vila.

CLEANTO: - Velaí ven con armas o trampón e o traidor
pra facerse do voso o amo e o señor.

ORGÓN: -En verdade que o home é un estraño animal!

VALERIO: -Cómpre non demorarse, que pode ser fatal.
Para vos conducir trouxen eu carruaxe
e mil moedas de ouro pra valer nesa viaxe.
Non perdamos máis tempo, que o dardo ven ruxindo
e só da súa ferida un líbrase fuxindo.
A un lugar ben seguro ofrézome a levarvos
e na vosa fuxida en todo acompañarvos.

ORGÓN: -Coitado! Moito debo eu ao voso desvelo,
endexamáis na vida poderei esquecerlo.
Pídolle así ao Ceo que me sexa propicio
pra poder devolvervos todo este beneficio.

Adeus! Tede coidado, vós...

CLEANTO: -Vamos! Axiña!
Faremos todo, irmán, sen descoidar nadiña.

Escena VII

O garda, Tartufo, Valerio, Orgón, Elmira, Mariana, etc.

TARTUFO: -A modo, meu señor, non corrades vós tanto!
Non iredes moi lonxe en busca dun recanto
pois en nome do rei fágovos prisioneiro.

ORGÓN: -Traidor, como gardaches o dardo derradeiro!
É o golpe criminoso que chantan as túas patas
coroando a perfidia, e con el me rematas.

TARTUFO: -Eses vosos insultos non me han escarnir
pois polo amor do Ceo son quen de os sufrir.

CLEANTO: -O que é a moderación, évos grande, abofé!

DAMÍS: -Arrepía o infame, co moito que descreí!

TARTUFO: -A vosa acometida non me ha amolecer:
non penso noutra cousa que en cumprir o deber.

MARIANA: -Que vos gabades pouco afirmo e manifesto
e que cumprides sempre do xeito máis honesto.

TARTUFO: -O xeito de cumprir resulta moi honroso
por vir do alto poder que reina sobre o voso.

ORGÓN: -Seica xa non te lembrás que a miña man amábel,
ingrato, te tirou do estado miserábel?

TARTUFO: - Se de vós algún día axuda recibín
non impide que a obriga máis grande para min
é do rei o interese, e a súa xusta violencia
afoga no meu peito calquera outra influencia.
Eu sacrificaría a tan forte amalloya
amigos e familia, mesmo a min en persoa.

ELMIRA: -Impostor!

DORINA: -Moi ben sabe con traidoría arteira

fabricarse un disfraz que o cobre e o empoleira!

CLEANTO: -Mais se é tan perfecto como vós declarades
o celo que vos move, co que vos adobiades:
por que pra aparecer tivo el que agardar
a que vos sorprendesen no intento de abusar?
Por que non fostes antes presentar a denuncia
e só agora o facedes, cando o voso se anuncia?
E xa non falo nada, non sigo eu esa senda,
o don que Orgón vos fixo de toda a súa facenda,
mais se é que agora vós o acusades a el:
como é que aceptastes que vos dese o papel?

TARTUFO: -Librádeme, señor, de tanta xentuellada:
cumpride a vosa orde sen esperar máis nada.

O GARDA-MÓR: -Sen dúbida facelo é o que agora me toca,
cumprirei decontado seguindo a vosa boca,
e para realizalo lévovos á prisión
que dende este momento será a vosa mansión.

TARTUFO: -O que? A min?

O GARDA-MÓR: -A vós.

TARTUFO : -E cal é o motivo?

O GARDA-MÓR: -Non teño eu por que ser ben máis explicativo.
Repoñevos, señor, desa emoción tan forte,
vivimos baixo un rei que nunca perde o norte.
Inimigo da fraude, goberna por ventura
sen deixarse enganar por ningunha impostura,
con gran discernimento e un ollar moi profundo
sabe ben enxergar os asuntos do mundo.
No seu recto xulgar non cabe dar acceso
a ningún desatino nin a ningún exceso.
Dálle á xente de ben inmortal esplendor
sen por iso ofuscarse por brillo cegador.
O amor pola verdade guía o seu corazón
mais sinte a falsidade como aguda traizón.
Esta non era quen de poder enganalo
pois outras máis solertes parou só cun abalo.
Primeiro descubriu, con grande claridade,
no espírito daquel a fonda iniquidade.
Ao virvos acusar Tartufo dou mal paso
pois, por xusta vontade do ser supremo acaso,
ante o rei amosouse como un ruín argallante
do que xa tiña novas baixo un nome cambiante.
O tan longo relato de negras falcatrúas

podería encher tomos de ben historias súas.
O monarca, en resumo, detestou a capciosa
conduta do moinante cara á persoa vosa;
a ingratidade vista e a deslealdade
ás súas outras ofensas xuntáronse asemade.
Calquera documento que o dá a el por amo,
nulo, en nome do rei, arestora proclamo:
el, como soberano, priva do seu valor
o contrato dos bens doados ao traidor.
E tamén vos perdoa a inxuria non querida
que fixestes ao ver dun amigo a fuxida.
Gratifica el así aquel celo leal
que vós testemuñastes pola causa real.
Sabe o seu corazón pagar con recompensa
unha boa acción cando menos o un pensa.
O mérito, a virtude, sempre del premio obtén
porque sempre se esquece do mal fronte do ben.

DORINA: -Que o Ceo sexa louvado!

SEÑORA PERNEL: -Xa respiro! Bendito!

ELMIRA: -Un final favorábel!

MARIANA: -Quen o tería dito!

ORGÓN: -Agora, ti, traidor...

CLEANTO: -Non, meu irmán, freade
e non vos rebaixedes á súa indignidade.
Deixar o miserábel no seu mouro destino
sen mesturarse a el será o mellor, opino.
Desexádelle, pois, que o seu corazón volva
ao camiño dereito e que o mal se disolva;
que refaga a súa vida afastado do vicio
e que acade do Rei clemente beneficio.
No entanto, cabo del iredes axeonllado
para lle agradecer o aprezo demostrado.

ORGÓN: -Moi ben dito, vaíamos, alegres aos seus pés
pois que el quixo salvarnos do tremendo revés.
E logo que cumpramos o primeiro deber
con presteza un segundo débenos absorber
unindo en matrimonio, en ledos esponsais,
Mariana e mais Valerio, estes fillos leais.

